



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente libro de actas do Consello Reitor da Fundación pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, consta de cento cincuenta e sete (157) páxinas numeradas correlativamente e, comprende actas dende o seis de febreiro ao dezaseis de decembro de dous mil vinte.

En Vilagarcía de Arousa, asinado dixilmente
A secretaria/delegada da Fundación de Deportes

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2020

Na sala de Xuntas do Recinto Fexdega de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día seis de febreiro de dous mil vinte, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 17/09/2019, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidente: D. Alvaro Carou García

Vogaís: Dna. Alba Briones Gamarra

D. Álvaro Penas Cascón (suplente de Dna. M^a De la O Fernández González)

D. Daniel A. Orduña Puente (suplente de D. David Higinio Oliveira Barreiro)

D. Ángel Cardalda Mosquera

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. José Luis Peso Teodosio

D. José Ramón Santorum Canto

D. Isidro Fernández Portas

D. Adrián Alcalde González (suplente de Dna. Lucía César Veloso)

D. Julio Torrado Quintela

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora Xeral: Dna. Trinidad Gómez Reiriz

Antes de iniciar a sesión polo Sr. presidente dáse unhas breves palabras de salutación ao Sr. Torrado, representante designado pola Alcaldía, dándolle a esta posesión do seu cargo.

1.- LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión extraordinaria do día vinte e cinco de novembro de dous mil dezanove, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO TRINTA DE SETEMBRO A TRINTA DE DECEMBRO DO DOUS MIL DEZNOVE.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do trinta de setembro ao trinta de decembro de dous mil dezanove, relativas a:

Mes de Setembro:

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 30/09/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de setembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 2.596,83 €.”
- **2ª Resolución con data 30/09/19** .- “1.- Aprobación da relación de facturas con acordos previo, mes de setembro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, por importe total de 21.216,30 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-19284, correspondente ao contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de agosto, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017 e a súa revisión de prezos conforme IPC pola Resolución do Sr. presidente con data 14/11/2018, por importe de 3.177,11 €, con cargo á partida 341-227,9902.

2.- recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000016419F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe de 2.253,96 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000015019F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe total de 10.401,89 €, con cargo á partida 341-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 41027413, da póliza de Seguros nº 5136227, correspondente á contratación do seguro de Accidentes dos participantes na LVI TRAVESÍA A NADO PORTO DE VILAXOÁN MEMORIAL CELESTINO BRIANES LOJO, incluída no Proxecto de Actividades Deportivas “VERÁN VILAGARCÍA”, ano 2019, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/08/2019, por importe de 382,17 €, con cargo á partida 341-224.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 190129, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de xullo, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/09/2018, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 1974, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 3º trimestre (xullo, agosto e setembro, ano 2019) aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 24/06/2019, por importe total de 1.815,00 €, con cargo á partida 341-227,9902.

7.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DEPORNAUTIC AROUSA, pola factura nº Emit-2, correspondente á organización da Escola Municipal Náutica, modalidade de Piragüismo, ano 2019, para un total de 28 alumnos/as, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/06/2019, mes de agosto por importe total de 1.000,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

8.- Recoñecemento da obriga a favor de MULTISPORTS GALICIA, S.L., pola factura nº Emit-82, correspondente ao control a traves de Chips da LVI TRAVESÍA A

NADO PORTO DE VILAXOÁN MEMORIAL CELESTINO BRIANES LOJO, incluída no Proxecto de Actividades Deportivas “VERÁN VILAGARCÍA”, ano 2019, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/08/2019, por importe de 1.115,02 €, con cargo á partida 341-226,09.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MOBU VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº A 19, correspondente á adquisición do Equipamento deportivo para a participación nos XIII XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, cunha expedición da modalidade deportiva Atletismo Adaptado, aprobado pola Resolución con data 04/07/2019, por importe de 557,16 €, con cargo á partida 341-226,09.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BARRAL NÚÑEZ, MAR, pola fra. Nº 23, correspondente á adquisición de 4 trofeos, celebración do V TORNEO ENCESTARIAS, aprobado pola Resolución con data 05/09/2019, por importe de 189,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.”

Mes de Outubro:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 4/10/19** .- “1.- Autorización ao CPR San Francisco, o uso das pistas polideportivas do Recinto Fexdega, para a celebración dunha xornada deportiva con motivo do patrón do centro, o vindeiro día 4 de xuño do presente mes, de 11:00-14:00 horas.
 - 2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas pistas nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.
 - 3.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”
- **2ª Resolución con data 17/10/19** .- “1.- Autorización en precario aos Srs/as. Lastra, Lorenzo, Crespo, Díaz e, Cores o uso dos Pavillóns Municipais, os días e horas que a continuación se indican, a partir do día da semana sinalado por cada un, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado por cada un deles/as do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

<u>REPRESENTANTE</u>	<u>INSTALACIÓN</u>	<u>DÍAS</u>	<u>HORAS</u>
D. MARIO LASTRA GAMARRA	PAVILLÓN FAXILDE	LUNS	22:00-23:00 h.
DNA. ELVIRA LORENZO BERNARDEZ	PAVILLÓN A TORRE	DOMINGOS	09:30-11:30 h.
D. MANUEL CRESPO SOBRAN	PAVILLÓN GUILLÁN	DOMINGOS	10:30-12:30 h.
D. JUAN CARLOS DÍAZ CAAMAÑO	PAVILLÓN FAXILDE	MÉRCORES	22:00-23:00 h.
D. ALBERTO CORES GONZÁLEZ	PAVILLÓN CARRIL	MÉRCORES	21:30-23:00 h.

2.- Comunicarlles que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné Fundación e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (todos aqueles grupos que non a teñan ingresada ou solicitaran a súa devolución en tempadas anteriores), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunicalo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que deberá presentar unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), así como indicar aquelas persoas que posúan Carné da Fundación de Deportes, que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándoseles automaticamente a súa autorización.”

- **3ª Resolución con data 14/10/19** .- “1.- Autorización á Comisión de Deportes da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, o uso do Pavillón Municipal de Faxilde, para poder levar a cabo os adestramentos para participar no XXV CAMPIONATO DE FÚTBOL SALA DE AUTORIDADES PORTUARIAS DE ESPAÑA E PORTOS DO ESTADO, os xoves de 21:00-22:30 horas, tempada 2019/20. Debendo presentar unha relación nominal das persoas que vaian participar na citada actividade, cos seguintes datos: Nome, Apelidos e número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

2.- Que tendo en conta que a citada Autoridade Portuaria colabora coas actividades organizadas pola Fundación de Deportes, procede a bonificación coa redución do 100% do prezo público para o uso da devandita instalación.

3.- Que de acordo ao anteriormente sinalado, se inicie as xestións para asinar un convenio de colaboración, para o desenvolvemento das actividades deportivas organizadas pola Fundación de Deportes nos recintos da citada Autoridade Portuaria.”

- **4ª Resolución con data 14/10/19** .- “1.- Autorización á ANPA SAN MARTIÑO DE SOBRAN do CEIP de Vilaxoán, o uso do pavillón Municipal de Faxilde, para poder levar

a cabo o desenvolvemento de actividades extraescolares programadas pola devandita ANPA indicadas no seu escrito, para o curso 2018/19, os luns, martes e mércores, de 16:00-17:00 horas. Debendo previo ao uso, indicar quen será o/s responsable/s nas citadas actividades, que deberá estar presente, no horario autorizado.

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para as citadas actividades e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes das devanditas actividades.

4.- Comunícaselles que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **5ª Resolución con data 14/10/19** .- “1.- Autorización ao TENISCLUB AROUSA FONTECARMOA, o uso das 4 pistas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración dunha competición de afeccionados da Federación Española de Tenis, os vindeiros días 19 e 20 do presente mes, de 10:00-20:00 horas (19/10/2019) e de 10:00-13:00 horas (20/10/2019).

2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas pistas nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.”

- **6ª Resolución con data 14/10/19** .- “1.- Aprobación ao ANPA Os Mecos a cesión de tres colchonetas, para a celebración do curso de contención mecánica, os vindeiros 18, 19 e 20 do presente mes. Así como, dado o carácter social da actividade, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor.

2.- Comunicarlle que deberá deixar o citado material nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causar no mesmo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.”

- **7ª Resolución con data 14/10/19** .- “1.- Autorización á Agrupación Deportiva Cortegada, o uso dos marcadores de 24” segundos do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa durante os adestramentos do do equipo de Liga

Feminina 2. Debendo deixar o citado material nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causar no mesmo.

2.- Comunicarlle que no relativo á autorización dos vestiarios do Pavillón Municipal Castelo e conforme ao Regulamento de Rexime interno, os Clubes/Entidades Deportivas que teñan autorizado franxas horarias nas instalación deportivas municipais, teñen, acceso aos vestiarios, 15 minutos antes de cada adestramento e 25 minutos despois da finalización do mesmo. Así como se lle indica que no Recinto Fexdega, deberá o adestrador/a, avisar antes do inicio da súa actividade, ao Conserxe que se atope de turno, para poder levar a cabo a súa apertura.

- **8ª Resolución con data 17/10/19** .- “1.- Comunicación á Federación Galega de Baloncesto que a súa solicitude de autorización dunha pista polideportiva do Recinto Fexdega, para o desenvolvemento dunha actividade do Comité Arousano de Árbitros, o vindeiro día 23 do presente mes, na franxa horaria de 20:00-22:00 horas non é posible acceder a súa petición, dado que as dúas pistas de xogo do devandito Recinto, reglamentarias para o baloncesto, están ocupadas cos adestramentos dos Clubes/Entidades Deportivas.

2.- Autorizar o uso da pista azul, con marcaxe non oficial e sen canastras na franxa horaria sinalada anteriormente ou, a pista polideportiva nº 1 do citado Recinto, de 21:00-23:00 horas, debendo na maior brevidade posible, indicar a opción que máis lle convenga.

3.- Comunicarlle que deberá deixar a instalación autorizada nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **9ª Resolución con data 17/10/19** .- “1.- Cesión ao Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración do do XIII Open McDonald’s de Xadrez, o vindeiro día 26 do presente mes, a cesión do seguinte material:

Praza da Peixería:

- . 12 mesas e Pancartas da Fundación de Deportes
- . Traslado de 36 mesas do devandito Club.

Auditorio Municipal:

- . Traslado de 4 mesas do devandito Club.
- . 4 Fly Banners da Fundación de Deportes.
- . Caixa de pezas de Xadrez da Fundación de Deportes

E que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración na Praza da Peixería, para a súa aprobación, se procede:

Departamento de Obras, a cesión de 250 cadeiras.

Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.”

- **10ª Resolución con data 17/10/19** .- “1.- Remisión da solicitude do C.P.R. San Francisco, para a celebración da VI CARREIRA SOLIDARIA LADESOL “CORRO POLO TEU SOÑO”, o vindeiro día 26 de abril de 2020, de autorización do uso do percorrido e os cortes das rúas do mesmo, presentadas na folla adxunta, á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Comunicarlle que parte do percorrido desenvólvese por vías que non son propiedade Municipal, polo que deberá presentar as correspondentes autorizacións da Autoridade Portuaria, para a rúa Rivero de Aguilar, rúa Entrante e, do uso do peirao de pasaxeiros.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.”

- **11ª Resolución con data 17/10/19** .- “1.- Autorización á Federación Galega de Atletismo, o uso do Estadio de Atletismo, para a celebración dunha XORNADA DE ATLETISMO CATEGORÍAS Sub 10, Sub 12 e Sub 14, o vindeiro día 3 de novembro do presente ano, de 09:00-15:00 horas, conforme ao acordo do Consello de Xerencia en sesión con data 02/10/2008, da aprobación do Convenio para a realización de competicións de atletismo da devandita instalación, non cobrar o prezo público establecido no Acordo Regulador nº 17 en vigor, debéndose iniciar na maior brevidade posible as conversas para fixar as condicións do mesmo e a súa sinatura.

2.- Comuniarlle que deberá deixar a instalación autorizada nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de

Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **12ª Resolución con data 21/10/19** .- “1.- Autorización á Fundación Galega contra o Narcotráfico o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, o vindeiro día 25 do presente mes, de 09:30-14:00 horas, o cal xenerará a realización dunha hora extraordinaria dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 10,42 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.Dado o carácter social da actividade, apróbase non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor:

INSTALACIÓN DEPORTIVA

- Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo
- Estadio de Atletismo
- Pavillón nº 1 coa súa Megafonía

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Conceder a citada Fundación 3 trofeos solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 66,45 € e 5 trofeos da remesa existente da Fundación de Deportes.

5.- Trasladar ao departamento de Comunicación do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a súa petición da impresión de 150 exemplares de diplomas para os participantes, para a súa aprobación, se procede.

6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 04/10/19** .- “1.- Aprobación do gasto de coorganización coa Asociación CON ELES de Vilagarcía de Arousa e Special Olympics Galicia, para a celebración da VII MARCHA CICLISTA UNIFICADA SPECIAL OLYMPICS, o vindeiro día 6 do presente mes, da adquisición de 100 medallas, por importe total de 170,00 €.

2.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición das 100 medallas, a través dun contrato menor de subministro, por importe total de 170,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”

- **2ª Resolución con data 7/10/19** .- “1.- Adxudicación a MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de Accidentes para os participantes ás Actividades Deportivas de nenos e adultos, incluídas no Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Inverno, tempada 2019/20, aprobado o seu gasto pola Resolución do Sr. presidente con data 20/09/2019 e, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 7.226,44 € (1.375,01 €/nenos e 5.851,43 €/adultos), con cargo á partida 341-224.”
- **3ª Resolución con data 11/10/19** .- “1.- Adxudicación a Silva Mascato, Manuel, a realización das clases da actividade de Taichi para adultos, curso 2019/20, 2 grupos, incluído no Proxecto de Actividades Físico Recreativas de Inverno, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 20/09/2019, , resultando un importe total de 6.996,00 € (IVE incluído, 53,00 €/sesión) co seguinte desglose, con cargo á partida 341-226,09:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE TOTAL</u>	<u>ANO 2019</u>	<u>ANO 2020</u>
ACTIVIDADE DE TAI-CHI	6.996,00 €	2.332,00 €	4.664,00 €

2.- Comunicaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo

3.- As actividades físico recreativas de adultos comenzaron a súa actividade o 7/10/2019 e rematarán o 19/06/2020, tendo por tanto unha duración de 9 meses.

4.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento das devanditas actividades e observación do cumprimento dos obxectivos da mesma.”

- **4ª Resolución con data 11/10/19** .- “1.- Adxudicación á empresa Rodríguez Noya, Cristian (CRISTIAN ANIMASHOW), a realización das clases de aeróbic e pilates adultos e, zumba infantil, incluídas no PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE INVIERNO 2019/20, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 20/09/2019, para cubrir a baixa laboral da Técnico Deportivo Dna. Silvia Fernández Saínza, para un total de 582 horas (dende 7 de outubro ata o 29 de maio (zumba infantil) e dende o 7 de outubro ata o 19 de xuño (aeróbic e pilates de adultos), ou ata a incorporación da devandita técnico deportivo, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 17.605,50 € (30,25 €/hora, IVE incluído) co seguinte desglose con cargo á partida 341-226,09:

<u>MODALIDADE</u>	<u>TOTAL</u>	<u>2019</u>	<u>2020</u>
Aeróbic adultos	3.993,00 €	1.331,00 .-	2.662,00 .-
Zumba Infantil	1.815,00 €	665,50 .-	1.149,50 .-
Pilates	<u>11.797,50 €</u>	<u>3.993,00 .-</u>	<u>7.804,50 .-</u>
Totais	17.605,50 €	5.989,50 €	11.616,00 €

2.- Comunicaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE:

3.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento das devanditas actividades e observación do cumprimento dos obxectivos da mesma.”

- **5ª Resolución con data 11/10/19** .- “1.- Adxudicación aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, a organización da Escola Deportiva de Base, para o curso 2019/20, nas modalidades deportivas en réxime de xestión indirecta que a continuación se relacionan, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 11.200,00 €, con cargo á partida 341-227,9901 e, co seguinte desglose:

<u>CLUB/ENTIDADE DEP.</u>	<u>MODALIDADE</u>	<u>GRUPOS</u>	<u>TOTAL</u>	<u>2019</u>	<u>2020</u>
Club Olímpic	Artes Marciais	1	1.600,00 €	600,00	1.000,00
Pérez Vázquez, Breogán do Club Arousa Baila, CBD	Baile Deportivo	1	1.600,00 €	600,00	1.000,00
Club Vilagarcía Tenis de Mesa	Tenis de Mesa	1	1.600,00 €	600,00	1.000,00
Club Vilarousa Ximnasia	Ximnasia Rítmica	1	1.600,00 €	600,00	1.000,00
Club Arousa Padel	Padel	2	<u>4.800,00 €</u>	<u>1.800,00</u>	<u>3.000,00</u>
Totais			11.200,00 €	4.200,00 €	7.000 €

1.a) O prezo a abonar por Escola ven determinado en función do número de grupos, abonando a Fundación de Deportes ao Club/Entidade Deportiva 200,00 €/mes por grupo e modalidade, excepto a modalidade de Padel que se abonará 300,00 €/mes por grupo (dado que non se dispón da instalación específica para a práctica desta modalidade deportiva).

1.b) O abono das cantidades aos clubs/entidades deportivas, realizarase pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida pola entidade debidamente dilixenciada, acompañada da folla de control das asistencias dos alumnos ás clases, asinado polo/s adestrador/es-monitor/es.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da Plataforma do Estado FACE:

3.- As escolas comenzaron a súa actividade o 7/10/2019 e rematarán o 29/05/2020, tendo por tanto unha duración de 8 meses.

4.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento das Escolas e observación do cumprimento dos obxectivos da mesma.

5.- Os Clubes/Entidades Deportivas adxudicatarios deberán presentar nun prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior, así como copia compulsada dos contratos laborais e TC2 ou último pago como traballador autónomo dos devanditos adestradores/monitores.

6.- O Club non poderá esixirle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na Escola que desenvolvan.

7.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/ entidades deportivas)”

- **6ª Resolución con data 21/10/19 .-** “1.- Aprobación á Fundación do Real Club Celta de Vigo, a anulación dunha parte do pagamento do 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición do VI CAMPUS DE VERANO FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, que se levou a cabo os pasados días do 15 ao 19 de xullo do presente ano, que conforme á Resolución do Sr. presidente con data 29/07/2019, debía ingresar un importe de 833,00 € (10% de 8.330,00 € de 119,00 € X 70 prazas) e de acordo ao informe da Dirección Deportiva procede anular un de importe de 538,50 €, quedando a cota a ingresar polo citado concepto en 294,50 € (10% de 2.945,00 € de 132,00 X 16 + 119,00 € X 7 prazas).

2.- Comunicarlle que que no prazo improrrogable de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº 17,deberá ingresar na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES16 2080 5067 113040031153), **un importe total de 384,50 €** co seguinte desglose:

. Polo uso da devandita instalación: 90,00 €, por 15 horas (3h. x 5 días) a 6,00 €/hora; 59,40 €, por 9 horas (1h. x 4 días e 5h. x 1 día) a 6,60 €/hora e; 93,78 €, polas 9 horas (fora da franxa horaria de apertura e peche da instalación) a 10,42 €/hora polo custo do persoal.

. Pola recadación total de inscricións: 294,50 €, de acordo ao sinalado no apartado anterior..

Advirtíndolle que en caso de non facelo así, no prazo indicado, non poderá levar a cabo o desenvolvemento do devandito Campus na vindeira Edición.

- **7ª Resolución con data 23/10/19** .- “1.- Adxudicación á empresa MONDO IBERICA, S.L.U.,o subministro dunha rede de seguridade para a xaula de lanzamentos do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 1.695,60 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.”
- **8ª Resolución con data 24/10/19** .- “1.- Adxudicación da adquisición de 3 trofeos, para a entrega de premios do TORNEO PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA 2019 á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a través dun contrato menor de subministro, por importe total de 66,45 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”
- **9ª Resolución con data 28/10/19** .- “1.- Adxudicación á empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), o aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, a traves dun contrato Menor de Servizos, cunha duración máxima dun ano, por un período do 01/10/2019 ata o 30/09/2020, por importe total de 3.900,00 € (I.V.E. incluído), co seguinte desglose, con cargo á partida 341-203,00:

EXERCICIO	MESES	IMPORTE
2019	outubro a decembro	975,00 .-
2020	xaneiro a setembro	<u>2.925,00 .-</u>
Total		3.900,00 €

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE”

- **10ª Resolución con data 29/10/19** .- “1.- Adxudicación á empresa INSTALACIONES ECOVILA, S.L., o subministro dun interacumulador eléctrico de 300 litros para o Campo

de Fútbol Municipal de A Lomba, conforme ao informe da empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Mantemento das instalacións térmicas das Instalacións Deportivas Municipais en vigor no que indica que a súa reparación non sería suficiente para garantir a seguridade, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 859,10 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.

2.- Comunicaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 21/10/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., pola factura CI0915072667, correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes e Wifi do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, no periodo do 08/08/19 ao 07/09/19, por importe de 180,18 €, con cargo á partida 341-222,00.”

- **2ª Resolución con data 24/10/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo e D. Argimiro Serén Mera, presidente da Fundación de Deportes, relativa aos gastos correspondentes as dietas e locomoción pola participación do Concello de Vilagarcía de Arousa nos XIII XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/07/2019 (Dietas e Locomoción director Deportivo), por importe total de 394,60 € co seguinte desglose:

Concepto	Director Deportivo	Partida	Presidente	Partida
Dietas	120,00 .-	341-230,20	80,00 .-	341-230,00
Locomoción	<u>119,80 .-</u>	341-231,20	<u>74,80 .-</u>	341-231,00
Totais	239,80 €		154,80 €”	

- **3ª Resolución con data 25/10/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor das empresas que a continuación se relacionan, con motivo da participación nos XIII XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO cunha expedición da modalidade deportiva de Atletismo Adaptado, celebrados do 7 ao 10 de xullo do presente ano, na cidade de Braga (Portugal), ano 2019, das comidas e ceas cos colaboradores que asistiron cos deportistas aos devanditos xogos, por importe total de 145,00 € e, co seguinte desglose, con cargo á partida 341-226,01:

Nº FRA	PROVEEDOR	CONCEPTO	IMPORTE
2452	DIANA RESTAURANT	cea 08/07/19	75,10 .-
FS11/14784	RESTAURANTE COCINHA DA	comida 09/07/19	48,50 .-

SE UNIPESOAL, LD

002//31174	CENARIOS E CARDAPIOS, LDA	cea 09/07/19	<u>21,40 .-</u>
	Total		145,00 €

Así como aprobar o endoso do seu pagamento a D. Argimiro Serén Mera, dado que o seu pago foi adiantado por él.”

- **4ª Resolución con data 31/10/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de outubro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 4.955,33 €.”
- **5ª Resolución con data 31/10/19** .- “Aprobación da relación de facturas con acordos previo, mes de outubro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, por importe total de 22.931,70 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000018619F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de setembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe total de 10.401,89 €, con cargo á partida 341-227,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000019319F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de setembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe de 2.253,96 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000019919F, correspondente ao servizo de limpeza extraordinaria dos vestiarios e as bancadas do Pavillón nº 1 do CDM de Fontecarmoa, pola celebración do V TORNEO ENCESTARIAS, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 05/09/2019, por importe de 190,03 €, con cargo á partida 341-227,00.

4.- Recoñecemento de obriga a favor da empresa FUNDICIONES REY, S.L, pola factura nº FACT-2018 79, correspondente á adquisición de 1 Trofeo, para o equipo Campión da VIII Edición do Torneo Cidade de Vialgarcía, categoría Benxamín, ano 2019, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/06/2019, por importe de 586,85 €, con cargo á partida 341-226,9901.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 41169224, da Póliza de Seguros nº 51367769, correspondente á contratación do seguro de accidentes, para 1.000 persoas inscritas nas Actividades Físico-recreativas de Adultos, curso 2019/20, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 07/10/2019, por importe de 5.851,43 €, con cargo á partida 341-224.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 41169225 da Póliza de Seguros nº5136775, correspondente á contratación do seguro de accidentes, para 250 neno/as inscritos nas Escolas Deportivas Municipais de Inverno, curso 2019/20, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 07/10/2019, por importe de 1.375,01 €, con cargo á partida 341-224.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 19 116, correspondente á adquisición de 9 trofeos e 12 medallas, celebración do XVII Torneo de Tenis de Verán, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/08/2019, por importe de 131,75 €, con cargo á partida 341-226,9901.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 19 117, correspondente á adquisición de trofeos, celebración da LVI TRAVESÍA A NADO PORTO DE VILAXOÁN MEMORIAL CELESTINO BRIANES LOJO, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/08/2019, por importe de 453,50 €, con cargo á partida 341-226,9901.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 19 118, correspondente á adquisición de 6 trofeos, celebración do III TORNEO DE BADMINTON DE DOBRES 2019, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/08/2019, por importe de 77,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 190154, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e,

ata a construción do equipamento definitivo, mes de setembro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/09/2018, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

11.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB OLIMPIC, pola factura nº 0072, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Artes Marciais, 1 grupo, mes de maio, curso 2018/19, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/10/2018, por importe total de 200,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

12.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB OLIMPIC, pola factura nº 0073, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Acrobacias Artes Marciais, 1 grupo, mes de maio, curso 2018/19, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/10/2018, por importe total de 200,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

13.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 190163, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de xullo, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/09/2018, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

14.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 19 123, correspondente á adquisición de 6 trofeos, celebración do I TORNEO EUROXACOBEO U16, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 10/09/2019, por importe de 62,65 €, con cargo á partida 341-226,9901.

15.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 19 124, correspondente á adquisición de trofeos, celebración do XXVII MEMORIAL ADOLFO PEDRIDO MORLA DE XADREZ, ano 2019, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 19/09/2019, por importe de 297,65 €, con cargo á partida 341-226,9901.

16.- Recoñecemento da obriga a favor de ESTRADA FERNÁNDEZ, SANDRA, adestradora do Club/Entidade Deportiva: Club Vilarousa Ximnasia, pola factura nº FAC0013, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Ximnasia Rítmica, 1 grupo, mes de maio, curso 2018/19, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/10/2018, por importe de 200,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.”

- **6ª Resolución con data 31/10/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais, mes de outubro por importe total de 5.011,52 €, con cargo ás partidas 341-221,00.”

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 7/10/19** .- “1.- Aprobación todas as inscricións da Escola de Psicomotricidade, Escola Multideportiva de Inverno e Escola Deportiva de Base Municipal, curso 2019/20, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para as devanditas Escolas, agás as solicitudes de inscrición para a Escola Deportiva de Base das modalidades de, atletismo, fútbol e Volei por non reunir un número mínimo de inscricións para poder desenvolver as devanditas actividades, poidendo cambiar de deporte voluntariamente ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado para realizar esta actividade, facendo constar o número de conta bancaria na que desexa se lle abone o importe a devolver. Polo que se establece os seguintes grupos:

<u>ESCOLA DEPORTIVA</u>	<u>MODALIDADE</u>	<u>Nº GRUPOS</u>
Psicomotricidade		1
Multideportiva		2
Escola Deportiva de Base	Artes Marciais	1
	Baile Deportivo	1
	Baloncesto	1
	Padel	2
	Patinaxe	1
	Tenis	1
	Tenis de Mesa	1
	Ximnasia Rítmica	1
	Zumba	1

2.- Aprobar todas as solicitudes de inscrición do I CURSO das ACTIVIDADES FÍSICAS-RECREATIVAS PARA ADULTOS, curso 2019/20 co desglose por grupos sinalado no informe do Sr. director Deportivo, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para as devanditas Actividades. Agás 101 solicitudes de inscrición de Pilates, unha vez realizado o sorteo e aumentando o número máximo de alumnos por grupo a 30 persoas, superando aínda así varios grupos, o máximo de alumnos para o bó desenvolvemento das mesmas. Quedando en lista de espera ou, poidendo solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado para realizar esta actividade, facendo constar o número de conta bancaria na que desexa se lle abone o importe a devolver.”

- **2ª Resolución con data 14/10/19** .- “1.- Prestarlle a súa conformidade á inscrición do CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: CLUB BALONMANO AROUSA, no rexistro de Clubes/Entidades deportivas da Fundación de Deportes.

2.- Informar favorablemente á sinatura do Convenio Económico co citado Club así como, remitir a solicitude ao Consello Reitor para a súa aprobación, se procede.

3.- Comunicaselle que no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, deberá presentar certificacións Orixinais ou Fotocopias Compulsadas, das Administracións correspondentes de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Tributaria, Consellería de Economía e Facenda e Recadación Municipal e, ingresar na conta bancaria da Fundación de Deportes (ABANCA, ES16 2080 5067 1130 4003 1153) a cantidade de 100,00 €, en concepto de fianza-depósito para garantir o correcto uso das instalacións. Advírteselle que en caso de non facelo así, no prazo indicado, entenderase que desiste da súa solicitude, o que conlevará o arquivo da mesma.”

Mes de Novembro:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 11/11/19** .- “1.- Autorización ao IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, o uso das 4 pistas polideportivas do Recinto de Fexdega (1 sen medidas regulamentarias para baloncesto infantil), co seu equipamento deportivo, para a celebración da actividade MARZO SEN FRONTEIRAS, que levarán a cabo o profesorado e os alumnos dos Ciclos Superiores de Ensino e Animación Socio-Deportivo e ciclo de Acondicionamento Físico, o vindeiro día 11 de marzo de 2020, de 09:00-15:00 horas.

2.- Autorizar o proceso de montaxe da devandita actividade o día 10 de marzo de 2020, a partir das 16:00 horas, sempre que non afecte as actividades da Fundación de Deportes e dos Clubes/Entidades Deportivas que ese día se desenvolven na citada instalación deportiva, debendo realizar todo aquel montaxe que interrompa as actividades, unha vez finalicen as mesmas.

3.- Comunicarlle que deberá deixar as devanditas Pistas Polideportivas, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas mesmas polos participantes na citada actividade.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **2ª Resolución con data 11/11/19** .- “1.- Autorización ao I.E.S. MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, o uso do Pavillón Muncipal de Guillán, para poder levar a cabo o desenvolvemento dalgúns módulos aos alumnos do Ciclo Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas, no horario que a continuación se relaciona:

MESES

DIAS

HORARIO

Novembro e decembro de 2019	luns	08:10-10:40 horas
	Mércores	09:50-12:35 horas
	Xoves	13:00-14:00 hors
Outubro de 2019 a abril de 2020	martes	13:45-15:25 horas
	Xoves	08:10-10:40 horas
	Venres	12:00-14:00 horas

Así como se lle comunica, que a franxa horaria de 14:00-14:30 horas, dos xoves e venres non é posible autorizar, ao ter que pechar a citada instalación, o Servizo de Mantemento que finaliza a súa xornada laboral ás 14:30 horas. Asemade pódese autorizar excepcionalmente os martes ata as 15:25 horas, ao poder levar a cabo o seu peche o operario/conserxe do Turno de Itinerantes ao inicio da súa xornada laboral.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse polos participantes na citada actividade.

3.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **3ª Resolución con data 12/11/19** .- “1.- Cesión á Agrupación Deportiva Cortegada, o uso en precario, dun marcador electrónico portátil do Recinto Fexdega, para as competicións oficiais no Pavillón do IES Miguél Ángel González Estévez, para a tempada 2019/20, debendo recollelo cada semana que sexa necesario, os venres pola tarde e devolvelo os luns seguintes. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberá deixar o citado material nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causar no mesmo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado, cada vez que o leve e o devolva (recollida o venres pola tarde e devolucion o luns).”

- **4ª Resolución con data 20/11/19** .- “1.- Aprobación a ZONA ABERTA (Centro Comercial Aberto Vilagarcía), para a celebración da VIII MEDIA MARATÓN SOLIDARIA ZONA ABERTA, o vindeiro día 24 do presente mes, de 10:30-13:30 horas, a cesión do Podium do Estadio de Atletismo, a pistola para a saída, 3 alargadeiras e, o Arco Hinchable da Fundación de Deportes, así como a recollida dos conos, coa furgoneta da Fundación de Deportes no Centro Príncipe Felipe da Deputación Provincial e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colocación e recollida dos conos, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo. Asemade da colaboración de persoal (2 persoas), para a colocación e retirada do material loxístico.

2.- De conformidade ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión con data 12/11/2019 é que dí literalmente o seguinte: “A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para o desenvolvemento da proba, condicionada a que por parte do Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa Zona Aberta se cumpran os condicionantes establecidos no informe da Policía Local.”

Así como deberá designar unha persoa como director-coordinador responsable da seguridade da proba.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Concederlle 1 trofeo da remesa existente da Fundación de Deportes.

5.- Remitir aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan, das necesidade de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Obras, a súa solicitude de cesión de 15 carpas, 15 mesas de fácil montaxe, 30 cadeiras, 60 valadas para a colocación de publicidade dende a Casa do Mar ata a Meta.

Electricidade, a colocación de cadros eléctricos para a zona de Saída (Rúa Riveiro Aguiar) e Meta (Avda. da Mariña e outro para a praza da Constitución para e actuación musical.

Auditorio, cesión dun Equipo de Megafonía con micrófono inalámbrico, así como a cesión de diverso material e autorización de uso de dependencias do Auditorio Municipal.

Cultura, autorización de uso da parte baixa do Auditorio, dunha sala para o xoves anterior día 21/11/2019, así como para o desenvolvemento da proba, o local de gardaroupa e a cesión de dous biombos.

Medio Ambiente, a cesión de 5 colectores de lixo (3 en meta e un para cada avituallamento).

Concellería de Seguridade Cidadá, a solicitude de colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, de cesión de persoal (Voluntarios), ambulancias e hospital de Campaña. Así como a cesión de conos e valadas de plástico e, todo o referido ao peche ao tráfico da proba.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade.

- **5ª Resolución con data 21/11/19 .-** “1.- Autorización ao Club Deportivo Bamio, o uso do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para a celebración do II TORNEO DE

NADAL BENXAMIN-CD BAMIO 2019, os vindeiros días 28 e 29 de decembro do presente ano, debendo indicar na maior brevidade posible o horario necesario para o montaxe, desenvolvemento e desmontaxe do citado evento.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de publicidade da Fundación de Deportes, Fly banners, arco hinchable e dous marcadores electrónicos portátiles do Recinto Fexdega e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folia de cesión de material por duplicado.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Obras, a cesión de 8 carpas con laterais, 8 mesas plegables, 20 cadeiras e, 160 valadas.
- Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.
- Área de comunicación, a elaboración de 200 diplomas para os participantes.

5.- Conceder ao citado club, 12 trofeos para o campión e para os equipos participantes, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 110,50 € I.V.E. incluído.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso, certificado da Federación Galega de Fútbol no que indique que o devandito evento está incluído na Póliza de Responsabilidade Civil suscrita pola citada Federación e valide o seguro de accidentes coas licenzas federativas en vigor de cada participante.

7.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración

xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 07/11/19** .- “1.- Aprobación á empresa Troquiña, S.L. a revisión de prezos do Contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, cunha variación do IPC do 0,3%, resultando un importe mensual de 3.186,64 €, a aplicar a partir do 28/09/2019.”
- **2ª Resolución con data 15/11/19** .- “1.- Autorización a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, a asistencia ao I Congreso Ibérico de Turismo Deportivo que desenvolverase nas instalación de Expourense os días 14 e 15 de novembro do presente ano. Así como aprobar os gastos de locomoción e dietas, por importe total de 192,12 €, co seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Locomoción	154,720 .-	341-231,20

Dietas	37,40 .-	341-230,20
Total	192,12 €	

Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora, así como os xustificantes de gastos.”

- **3ª Resolución con data 22/11/19** .- “1.- Adxudicación á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 12 trofeos, para a entrega de premios do II TORNEO DE NADAL BENXAMIN-CD BAMIO 2019., a través dun contrato menor de subministro, por importe total de 110,50 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226,9901.”
- **4ª Resolución con data 22/11/19** .- “1.- Aprobación do orzamento dos gastos correspondentes á organización da GALA DA XXIX FESTA LOCAL DO DEPORTE, que se vai celebrar o vindeiro día 13 de decembro do presente ano, aprobada polo Consello Reitor en sesión con data 05/11/2019, por importe total de 3.431,00 €,co seguinte desglose:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
GRABACIÓN/MONTAXE/EDICIÓN VIDEO	1.331,00 .-	341-226,09
TROFEOS	1.000,00 .-	341-226,9901
ÁGAPE PREMIADOS E AUTORIDADES	800,00 .-	341-226,09
VARIOS/IMPREVISTOS	300,00 .-	341-226,09
TOTAL	3.431,00 €	

- **5ª Resolución con data 22/11/19** .- “1.- Adxudicación á empresa Sabugueiro Sánchez, Rafael, a realización da grabación e edición do video da GALA DA XXIX FESTA LOCAL DO DEPORTE 2019, a través dun contrato menor de servizos, por importe total de 1.331,00 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226,09.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 06/11/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de Clubes/Entidades Deportivas, correspondente á aportación dos premios en metálico, conforme a clasificación na participación da XXV REGATA BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE TRAÍÑAS, aprobado polo Consello Reitor con data 13/05/2019, por importe total de 12.000,00 €, con cargo a partida 341-226,09 e co seguinte desglose:

CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS	IMPORTE
1º S.D. TIRAN	1.560,00 .-
2º C.R. MECOS	1.380,00 .-
3º S.D. SAMERTOLAMEU	1.260,00 .-
4º C. R. VILAXOAN	1.140,00 .-
5º C. DO MAR DE BUEU	1.080,00 .-
6º C.D.MARIÑEIRO DE MERA	1.020,00 .-
7º C.R. CABO DE CRUZ "B"	960,00 .-
8º C.R. RIANXO	900,00 .-
9º C.R. MUROS	900,00 .-
10º AMEGROVE C.R.	900,00 .-
11º C.R. ARES	900,00 .-
TOTAL	12.000,00 €"

- **2ª Resolución con data 29/11/19** .- "1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que comprobada a súa documentación xustificativa, presentan correctamente a súa documentación de acordo ás devanditas bases, con cargo á partida 341-483,00:

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA	PUNTOS	IMPORTE
CLUB VILAGARCÍA, S.D.	156	5.424,12 .-
BASKET BASE CLUB	202	7.023,54 .-
CLUB DEPORTIVO BAMIO	50	1.738,50 .-
ASOC. DEPORT.-CULT VILAGARCÍA ESGRIMA	20	695,40 .-
ASOCIACIÓN DEPORTIVA AROUSA FÚTBOL-7	113	3.929,01 .-
OS INGLESES RUGBY CLUB	110	3.824,70 .-
CLUB DE XADREZ FONTECARMOA	165	5.737,05 .-
ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D.	128	4.450,56 .-
AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	127	4.415,79 .-
ESCUELA FÚTBOL SALA SALNES	55	1.912,35 .-
VILAROUA GIMNASIA	23	799,71 .-

- **3ª Resolución con data 29/11/19** .- "1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de novembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 3.691,05 €."
- **4ª Resolución con data 29/11/19** .- "Aprobación da relación de facturas con acordos previo, mes de novembro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, por importe total de 26.950,96 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa Rodríguez Noya, Cristian (CRISTIAN ANIMASHOW), pola factura nº 2019 10, correspondente á realización das clases de aeróbic e pilates adultos e, zumba infantil, incluídas no PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE INVERNO 2019/20, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 11/10/2019, por importe de 1.996,50 €, con cargo á partida 341-226,09.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, S.L., pola fra. Nº PON-628, correspondente á contratación da póliza de seguros coa licenza dun día dos participantes non federados da XVI CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, ano 2019, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2019, así como o informe xustificativo do director Deportivo, por importe de 171,90 €, con cargo á partida 341-226,9901.

3.- Recoñecemento da obriga a favor de CLUB VILAROUA GIMNASIA, pola factura nº 2019 1, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Ximnasia Rítmica, 1 grupo, mes de outubro, curso 2019/20, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/10/2019, por importe de 200,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000021119F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de outubro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe total de 10.401,89 €, con cargo á partida 341-227,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000021819F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de outubro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe de 2.253,96 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

6.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB XADREZ FONTECARMOA, pola factura nº Rect-Emit-7, correspondente ao arbitraxe do XXVII Memorial Adolfo Pedrido Morla de Xadrez, incluído nas Actividades Deportivas de Verán, ano 2019, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 19/09/2019, por importe de 600,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 190167, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de outubro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2019, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 41272116, da Póliza de Seguros nº 51367769, correspondente á ampliación da contratación do seguro de accidentes, para 14 persoas a maiores inscritas nas Actividades Físico-recreativas de Adultos, curso 2019/20, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 07/10/2019, por importe de 81,93 €, con cargo á partida 341-224.

9.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-19359, correspondente ao contrato de Servicios “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de outubro, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017 e a súa revisión de prezos conforme IPC pola Resolución do Sr. presidente con data 07/11/2019, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 341-227,9902.

10.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DE REMO VILAXOÁN, pola factura nº 9 2019, correspondente ao balizamento da “XXV REGATA BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE TRAIÑAS”, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 13/05/2019, por importe de 1.000,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MONDO IBÉRICA, S.A., pola fra. Nº F000083914, correspondente á adquisición dunha rede de seguridade para a xaula de lanzamentos do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 23/10/2019, por importe de 1.695,60 €, con cargo á partida 341-623,00.

12.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DE REMO VILAXOÁN, pola factura nº 10Emit/2019, correspondente á organización da Escola Municipal Náutica, modalidade de Remo, ano 2019, para un total de 14 alumnos/as, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/06/2019, por importe total de 2.000,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

13.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB VILAGARCÍA TENIS DE MESA, pola factura nº Emit-10, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Tenis de Mesa, 1 grupo, meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio, curso 2018/19, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/10/2018, por importe total de 1.000,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

14.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB VILAGARCÍA TENIS DE MESA, pola factura nº Emit-11, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Tenis de Mesa, 1 grupo, mes de outubro, curso 2019/20, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/10/2019, por importe total de 200,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

15.- Recoñecemento da obriga a favor de INSTALACIONES ECOVILA, S.L., pola factura nº Rect-362-Emit-47, correspondente á adquisición dun interacumulador eléctrico de 300 litros para o Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, conforme ao informe da empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Mantemento das instalacións térmicas das Instalacións Deportivas Municipais en vigor no que indica que a súa reparación non sería suficiente para garantir a seguridade, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 29/10/2019, por importe total de 859,10 €, con cargo á partida 341-623,00.

16.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 19 138, correspondente á adquisición de 3 trofeos, celebración do TORNEO PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA 2019, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 24/10/2019, por importe de 66,45 €, con cargo á partida 341-226,9901.

17.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 19 139, correspondente á adquisición de 100 medallas, celebración da VII MARCHA CICLISTA UNIFICADA SPECIAL OLYMPICS, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/10/2019, por importe de 170,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

18.- Recoñecemento da obriga a favor de SILVA MASCATO, MANUEL pola factura nº AC-12/19, correspondente á realización das clases do I Curso de Taichi incluído no Proxecto de Actividades Deportivas de Inverno, curso 2019/20, mes de

outubro, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 11/10/2019, por importe de 742,00 €, con cargo á partida 341-226,09.”

- **5ª Resolución con data 29/11/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais, mes de novembro por importe total de 16.740,20 €, con cargo ás partidas 341-221,00 e 341-221,02.”

Mes de Decembro :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 17/12/19** .- “1.- Autorización ao Club Vilarousa de Ximnasia Rítmica, o uso do Pavillón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do FESTIVAL DE NADAL DE XIMNASIA RÍTMICA, o vindeiro día 4 de xaneiro de 2020, debendo comunicar na maior brevidade posible o horario do devandito evento.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a realización do transporte do tapiz dende o Pavilón Municipal da Torre ata o Pavillón nº 1 do Complexo deportivo Municipal de Fontecarmoa e posterior recollida unha vez rematado o evento, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento do Auditorio, a cesión dun equipo de son.

5.- Comunicarlle que no relativo a cesión de 6 valadas vermellas do Recinto Fexdega, non e posible a súa cesión, xa que están todos ocupados coa celebración do Festurrón.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

6.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como

da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade”

- **2ª Resolución con data 17/12/19** .- “1.- Autorización ao Club Baloncesto Vilagarcía, o uso do Pavillón Municipal do Castelao para o desenvolvemento dos adestramentos das datas do Nadal os vindeiros días 23, 26, 27 e 30 de decembro do presente ano, así como o 2 e 3 de xaneiro de 2020, en horario e 11:30 a 13:00 horas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún club ou entidade deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.

3.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **3ª Resolución con data 17/12/19** .- “1.- Autorización ao Club Vilarousa Ximnasia Rítmica, o uso do Pavillón Municipal da Torre para o desenvolvemento dos adestramentos das datas de nadal os días e horarios que a continuación se relacionan:

DÍAS	HORARIO
23, 26, 27 e 30/12/2019 e o 02/01//2020	10:00-13:30 horas
30/12/2019 e 02/01/2020	16:00-20:00 horas (xa autorizado para a tempada 2019/20)

No relativo á solicitude de autorización de adestramento no Pavillón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmona, o vindeiro día 3 de xaneiro de 2020. Comunícaselle que non é posible acceder a súa petición, dado que está autorizado nesa franxa horaria para a tempada 2019/20 a outros Clubes/Entidades Deportivas. No caso de existir algunha franxa horaria libre o devandito día, se lle comunicaría para poder realizar o citado adestramento.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún club ou entidade deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.

3.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **4ª Resolución con data 18/12/19** .- “1.- Autorización á ANPA do CEIP Plurilingüe de Carril, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración dunha Festa lúdico-recreativa “FESTA DE NADAL” para todo o alumnado do devandito centro, o vindeiro día 20 de decembro do presente ano, de 16:00-21:00 horas. Así como, dado o carácter social da actividade, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- No caso de levar a cabo a instalación dun/s hinchable/s, deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas, así como relativa ao montaxe da citada estrutura, debendo presentar previo ao montaxe a seguinte documentación:

- . Seguro de Responsabilidade Civil e certificado de homologación do hinchable.
- . Documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade, tendo que estar habilitados segundo a lexislación vixente coa cualificación pertinente.
- . Certificado dun Técnico competente, da garantía de solidez estrutural, estabilidade e seguridade de protección das persoas e, de composición hidrófuga para poder se instalado no interior da citada instalación.

E no caso de instalación eléctrica, motores, gas, neumática, etc..., deberá certificar o seu montaxe no que se indique de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

Facéndose constar que coa súa solicitude presenta varios certificados de inspección anual de diversos hinchables.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **5ª Resolución con data 18/12/19** .- “1.- Comunicación ao Club Atlético Arousana que non é posible aprobar a súa solicitude de cesión dunha portería de Fútbol-7, no seu caso, aprobase a cesión dunha portería pequenas de adestramento, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son con dous micrófonos e proxector.
- . Departamento de Parques e Xardíns, a colocación de adorno floral do escenario.

3.- Comunicarlle que no relativo as súas solicitudes de cesión de maniquies e a contratación do Servizo de Ágape, non é posible acceder as súas peticións, dado que a Fundación de Deportes non dispón de maniquies e, o gasto dun Ágape é un acto protocolario que esta Fundación de Deportes realiza en aqueles eventos que forme parte da súa organización.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 04/12/19** .- “1.- Aprobación das solicitudes de subvencións que a continuación se indican, polo valor do punto aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 09/10/2019 por importe de 34,77 €/punto, que multiplicada polos puntos outorgados a cada unha das solicitudes, conforme á baremación feita pola administrativa/xestora, as subvencións outorgadas a cada unha das solicitudes é a seguinte, con cargo á partida 341-483,00:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>PUNTOS</u>	<u>IMPORTE</u>
CLUB AROSA, S.C.	207	7.197,39 €

CLUB DEPORTIVO PÉREZ-SUB	12	417,24 €
CLUB SAN MARTIN	149	5.180,73 €
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	60	2.086,20 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL RASPA	23	799,71 €
CLUB DEPORTIVO XIMNASIA RITMICA	12	417,24 €
CLUB DEPORTIVO VILAGARCÍA TENIS DE MESA	58	<u>2.016,66 €</u>
Total concesións		18.115,17 €

2.- Aprobar á realización dun expediente de modificación de crédito a efectos de contar co crédito necesario para o aboamento das subvencións.

3.- De conformidade ao acordo do Consello Reitor en sesión con data 20/11/2019, unha vez aprobada e notificada a Resolución das concesións de subvención, apróbase por motivos de urxencia (ao estar a finalizar o exercicio contable do ano 2019), como prazo de xustificación da presentación **da Conta Xustificativa (con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención)**, un prazo improrrogable de **CINCO DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte da recepción da presente.

A Conta Xustificativa e anexos formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán na Páxina Web <http://www.vilagarcia.es> (Taboleiro) ou Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Modelos ou catálogo de procedementos da Fundación de Deportes).

O importe dos gastos xustificadas deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención. No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación asinada polos responsables do club onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificantes de gastos presentados na Fundación de Deportes (anexo IV). O Club tamén poderá optar por aportar xustificantes de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.

A subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencións públicas, exceda do balance de gastos presentado.

10.3.- A documentación necesaria para xustificar a subvención, referida á tempada 2017/18 (dende o 1 de agosto de 2017 ao 31 de xullo do 2018) e, si a actividade deportiva se desenvolve no ano natural, corresponderá ao ano 2018, será a seguinte:

a) Facturas de gastos realizados nas actividades obxecto da subvención, conforme ao sinalado no apartado 6.3 e, nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a:1 Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e numerada.

a:2 Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención.

a:3 Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.

a:4 Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 2.500,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 7/2012 de 20 de outubro de 2012, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante xustificante bancario co selo da Entidade bancaria. No resto dos casos o pago acreditarase por calquera dos seguinte medios: certificados do proveedor, factura simplificada ou de caixa, indicación na factura do pago asinado pola persoa responsable co seu nome e apelidos e/ou DNI ou, por transferencia bancaria co selo bancario.

b) Aceptaranse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil da Entidade. Así como recibos de colaboradores, adestradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descripción do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.

c) Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistrais directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

d) Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo Secretario co Vº e Prace do Presidente na que se exprese, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o obxecto da subvención (anexo V).

e) Declaración actualizada do Club/Entidade Deportiva asinada polo/a Secretario/a co Vº e Prace do/a Presidente/a, na que se fagan constar todas as contías das axudas solicitadas, asignadas ou recibidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade (anexo VI).

A Conta Xustificativa con toda a documentación requerida, de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, presentaranse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de

Procedementos, CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES, no REXISTRO ELECTRÓNICO. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a xustificación sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a xustificación de xeito telemático será imprescindible, cando menos, que o presidente, persoa que deba asinar documentos, ademais da persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexisto telemático, dispoñan de sinatura electrónica, así como deberá/n acreditar a súa representación por calquera medio admisible en dereito.

Nota informativa: No caso de que a sede electrónica non admita a documentación pode ser debido ao tamaño dos arquivos, neste caso dividan a documentación en varios PDFs e nomeen cada un deles en función da documentación que conteña, se aínda así persisten os problemas proben a realizar varios rexistros, ou poñase en contacto coa oficina da Fundación de Deportes e/ou Informática.

IMPORTANTE: Tendo en conta que a presentación telemática impide a presentación de orixinais ou copias compulsadas, a Fundación de Deportes, a través do persoal correspondente, poderá solicitar a presentación física das facturas orixinais e xustificantes de pago orixinais presentados, aos efectos do cotexo de datos.”

- **2ª Resolución con data 05/12/19** .- “1.- Adxudicación ás empresas que a continuación se relacionan, a través dun contrato Menor de Subministrados, a adquisición do vestiario para o persoal adscrito ao devandito OOAA e, conforme o que establece o convenio colectivo do Concello así como a lexislación en relación a prevención de riscos laborais, por importe total de 6.064,58 €.. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-221,04 e, co seguinte desglose:

PROVEEDOR	CONCEPTO	IMPORTE
SOBRINO G, S.A.	Vestiario	3.580,27 €
TRIVI, S.L.	Cazadoras	2.484,31 €

2.- Comunicaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE”

- **3ª Resolución con data 09/12/19** .- “**PRIMEIRO.** En aplicación dos fundamentos da base 15 de execución do orzamento, aprobar o expediente de redución de gastos do orzamento vixente mediante baixa por anulación de créditos por baixas de ingresos procedentes das aportacións do Concello á Fundación de Deportes por importe de 12.379,12 euros, de acordo ao seguinte detalle:

Baixas por anulacións en aplicacións de Gastos

Aplicación	Descrición	Créditos iniciais	Baixas	Créditos finais
341-22609	Fundación-actividades deportivas	58.000,00	7.379,12	50.620,88
341-62500	Fundación -Inv. nova mobiliario	10.000,00	5.000,00	5.000,00
	TOTAL BAIXAS		12.379,12	

Baixas por anulacións en conceptos de Ingresos:

Concepto	Descrición	Créditos iniciais	Baixas	Créditos finais
400	Transf. Correntes Entidade Local	1.090.000,00	7.379,12	1.082.620,88
700	Transf. Inversións-Entidade Local	25.000,00	5.000,00	20.000,00
	TOTAL BAIXAS		12.379,12	

“

- **4ª Resolución con data 11/12/19** .- “1.- Adjudicación á empresa MONDO IBÉRICA, S.A., a adquisición do marcador electrónico luminoso para o Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe total de 3.905,60 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.

2.- Comunicaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE:”

- **5ª Resolución con data 11/12/19** .- “1.- Adjudicación á empresa BARRAL NÚÑEZ, MAR, a adquisición de 12 trofeos para a GALA DO XXIX EDICIÓN DA FESTA LOCAL DO DEPORTE 2019, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe total de 733,00 € I.V.E. incluído, con cargo á partida 341-226,9901.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE:”

- **6ª Resolución con data 13/12/19** .- “1.- Adjudicación á empresa AROUSA HERMANOS GONGAL, S.L., a realización do servizo do Ágape para os premiados da GALA DO XXIX EDICIÓN DA FESTA LOCAL DO DEPORTE 2019, , a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 640,64 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226,09.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE:”

- **7ª Resolución con data 27/12/19** .- “1.- Aprobación o expediente, introducíndose no Estado de Gastos e Ingresos, as seguintes modificacións:

APLICACIONES DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE EN BAIXA €
341-210	FUNDACIÓN- REPARACION INFRAEST E BENS NATURAIS	5.000
341-22700	FUNDACIÓN- LIMPEZA E ASEO	16.000
341-2279902	FUNDACIÓN- MANTEMENTO INSTALACIONES DEPORTIVAS	18.000
341-63200	FUNDACIÓN- INVERSIÓN REPOSICIÓN EDIFICIOS E CONSTRUCCIONES	3.500
TOTAL		42.500

APLICACIONES DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE €
341-1200501	FUNDACIÓN- SOLDO E FUNCIONARIOS INTERINOS	4.500
341-1210001	FUNDACIÓN- C. DESTINO FUNCIONARIOS INTERINOS	10.000
341-1210101	FUNDACIÓN- C. ESPECIFICO FUNCIONARIOS INTERINOS	7.500

341-48300	FUNDACIÓN- SUBV. A ENTIDADES DEPORTIVAS	18.500
341-48301	FUNDACIÓN- SUBV. PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS	2.000
TOTAL		42.500

O total de Altas de Créditos, é igual ás Baixas, polo que resolvo aprobar a Transferencia de Créditos, sendo esta Resolución firme e executiva, sen necesidade de máis trámites, polo que se procederá polos servizos de Intervención a introducir na Contabilidade as modificacións de créditos aprobadas, **con efectos de 4 de decembro de 2019**, data da Resolución da Presidencia onde se adxudican as subvencións de deporte federado concedidas no prazo extraordinario aprobado por acordo do consello Reitor de 20 de novembro de 2019 e onde se establecía a necesidade de realizar un expediente de modificación de créditos unha vez determinadas as necesidades de crédito. “

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 16/12/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., pola factura CI0915210937, correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes e Wifi do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, no periodo do 08/09/19 ao 07/10/19, por importe de 181,17 €, con cargo á partida 341-222,00.”
- **2ª Resolución con data 16/12/19** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais, mes de decembro, por importe total de 12.630,74 €, con cargo ás partidas 341-221,00.”
- **3ª Resolución con data 19/12/19** .- “Aprobarción da relación de facturas con acordos previo, do 1 ao 15 de decembro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, por importe total de 27.464,95 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa Rodríguez Noya, Cristian (CRISTIAN ANIMASHOW), pola factura nº Emit-15, correspondente á realización das clases de aeróbic e pilates adultos e, zumba infantil, mes de novembro, incluídas no PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE INVERNO 2019/20, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 11/10/2019, por importe de 2.178,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000023819F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e

unidades hixiénicos sanitarias), mes de novembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe de 2.253,96 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

- **1ª Resolución con data 15/05/20** .- “1.- Aprobación da reapertura das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, a partir do día 13 de marzo do presente ano e mentras na perdue a Fase 1 da desescalada do Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 e conforme á normativa establecida na ORDE SND/399/2020, do 9 de maio de 2020 e, a Resolución do 4 de maio de 2020 da Presidencia do Consello Superior de Deportes:

<u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u>	<u>DÍAS</u>	<u>HORAS</u>
Pistas de Tenis	Luns a Domingo	09:00-10:00 horas
	Luns a Sábado	20:00-23:00 horas
Pistas de Atletismo	Luns a Domingo	09:00-10:00 horas
	Luns a Sábado	20:00-23:00 horas

2.-Aprobar as medidas que a continuación se indican de obrigado cumprimento e conforme a devandita normativa e o correcto uso das devanditas instalacións, que estarán expostas ao público nos taboleiros de anuncios do CDM Fontecarmoa:

- a) A realización de **actividades deportivas será de carácter individualizado**, sin contacto, coas limitacións que recolle esta normativa.
- b) Poderá acceder ás mesmas calquer cidadán que desexe realizar unha práctica deportiva, que teña cumpridos os 14 anos, o que deberá ser acreditado co DNI.
- c) Para o seu uso é obrigatorio concertar "**CITA PREVIA**" ao **teléfono 661545031 (Queda totalmente prohibido solicitar reserva na propia instalación deportiva)**, de **luns a venres 09:00 a 14:00 e de 19:00 a 23:00 horas, así como o fin de semana no horario de apertura da instalación.**
- d) A reserva a realizar será para o mesmo día ou para o día seguinte, non podendo reservar para máis de dous días de diferenza.
- e) O uso desenvolverase de maneira individualizada, sen contacto físico, polas quendas previamente estipuladas, fóra dos cales non se poderá permanecer na instalación, e de maneira que se evite a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización da quenda.
- f) Establécese como máximo 1 hora diaria de reserva, as horas reservadas serán estancas, unha vez completado o aforo establecido non se poderá acceder a instalación. Así como non está permitido o acceso para o público.
- g) O aforo máximo por instalación é a seguinte:
 - 1.- Pistas de tenis: 2 persoas por pista e por hora, mantendo os dous (2) metros de distancia entre persoas.
 - 2.- Pista de Atletismo: 10 persoas por hora. Utilizaranse as rúas 3 e 6 para a carreira, cun máximo de 5 persoa por rúa cunha separación entre eles mínima de 10 metros e, para adiantamentos utilizarase as rúa colindantes, mantendo os 2 metros de distancia entre persoas, e regresando despois de adiantar as rúas reservadas para a carreira.
- h) Os deportistas deberá vir cambiados de casa. Non se permitirá o acceso aos vestiarios nin ascos públicos que permanecerán pechados.

- i) O acceso único para as instalación deportivas será: A entrada e saída será pola porta situada entre o pavillón nº 1 do Complexo e a Piscina Municipal.
- j) Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
- k) Suxérese aos/as deportistas o uso de mascarilla e guantes polas instalacións en todo momento, agás cando se realice a actividade. Así como se recomenda aos/as deportistas o lavado de máns unha vez rematada a actividade.
- l) O material deportivo que utilizen os/as deportistas será da súa propiedade e non poderán compartise con outros usuarios.
Os usuarios/as deberán levar as súas propias botellas de auga, xa que deshabilitarase as fontes existentes.
- m) O operario-conserxe responsable da apertura e peche da instalación, deberán respectar en todo momento os protocolos que se establezan e impartir a normativa de pautas a seguir polos deportistas.
- n) En todo o non recollido nesta normativa, rexirase polo Regulamento de Réxime Interno da Fundación de Deportes.

- **2ª Resolución con data 27/05/20** .- “1.- Aprobación da ampliación de horario de reapertura das instalación deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, a partir do día 13 de maio do presente ano para **Fase 2** da desescalada do Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 e conforme á normativa establecida para tal fin indicada anteriormente:

<u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u>	<u>DÍAS</u>	<u>HORAS</u>
Pistas de Tenis	Luns a Domingo	09:00-12:00 horas
	Luns a Sábado	18:00-23:00 horas
Pistas de Atletismo	Luns a Domingo	09:00-12:00 horas
	Luns a Sábado	18:00-23:00 horas

2.- Manter todas as medidas aprobadas pola Resolución con data 15/05/2020 de obrigado cumprimento e conforme a devandita normativa e o correcto uso das devanditas instalacións, que están expostas ao público nos taboleiros de anuncios do CDM Fontecarmoa.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 05/05/20** .- “1.- Aprobación por urxencia as bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2020, correspondente á tempada 2018/19 ou, ano 2019, así como da súa solicitude e anexos adxuntos, pola situación actual na que está declarado o Estado de Alarma co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-

19 e, coa finalidade de non atrasar máis a tramitación e concesión das axudas económicas aos Clubes/Entidades Deportivas e a medida do posible non sexan perxudicados pola actual situación, por importe total de gastos de 82.000,00 € e, en caso excepcionais, poderá aumentarse a citada consignación, coa existencia de sobrantes nas partidas coa mesma vinculación xurídica, con cargo á partida 341-483,00.”

- **2ª Resolución con data 05/05/20** .- “1.- Aprobación por urxencia as bases da convocatoria do exercicio 2020 correspondentes ás Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, realizadas durante o ano 2019, así como da súa solicitude e anexos adxuntos, pola situación actual na que está declarado o Estado de Alarma co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 e, coa finalidade de non atrasar máis a tramitación e concesión das axudas económicas aos Clubes/Entidades Deportivas e a medida do posible non sexan perxudicados pola actual situación, por importe total de gastos de 30.000,00 €, con cargo á partida 341-483,01.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 29/05/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de maio, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 2.494,99 €.”
- **2ª Resolución con data 29/05/20** .- “Aprobarción da relación de facturas con acordos previo, do mes de maio, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do/a Sr/a. presidente/a, por importe total de 16.920,84 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000008320F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Pistas polideportivas, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, vestiarios, aseos e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), período do 1 ao 15 de marzo do presente ano, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe de 1.126,98 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800009320F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, periodo do 1 ao 15 de marzo do presente ano, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe total de 5.200,92 €, con cargo á partida 341-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor de PÉREZ VÁZQUEZ, BREOGÁN (adestrador do Club/Entidade Deportiva: Club Arousa Baila, CBD), pola factura nº Emit-134, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Baile Deportivo, 1 grupo, curso 2019/20, meses de xaneiro, febrero e ½ marzo, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/10/2019, por importe de 493,33 €, con cargo á partida 341-227,9901.

4.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-20104, correspondente ao contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de abril, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017 e a súa revisión de prezos conforme IPC pola Resolución do Sr. presidente con data 07/11/2019, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 341-227,9902.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa RAIDO ESPÍÑO, JULIO (EXTINTORES CUNTIS), pola fra. Nº 372, correspondente á realización da revisión e retimbrado dos extintores das Instalacións Deportivas Municipais, conforme ao Real Decreto 513/2017 do 12 de xuño de 2017 que regula a normativa do mantemento de extintores portátiles contra incendios, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 07/04/2020, por importe de 732,55 €, con cargo á partida 341-213.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 41926067, correspondente á contratación da pola póliza de Seguros nº 12074505, correspondente á contratación da Póliza do seguro de Automóvil da Fundación de Deportes, PEUGEOT PARTNER TEPEE PREM 6891GLH, polo periodo do 15/05/20 ao 14/05/21, por importe de 557,60 €, con cargo á partida 341-224.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000010920F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, levando a cabo unha limpeza de mantemento xeral no Estado de Alarma declarado co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19,

periodo do 16 ao 31 de marzo do presente ano, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe total de 1.707,78 €, con cargo á partida 341-227,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800010620F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, levando a cabo unha limpeza de mantemento xeral no Estado de Alarma declarado co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, mes de abril, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe total de 3.415,54 €, con cargo á partida 341-227,00.

9.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB VILAGARCÍA TENIS DE MESA, pola factura nº Emit-3, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Tenis de Mesa, 1 grupo, meses de xaneiro, febreiro e ½ marzo, curso 2019/20, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/10/2019, por importe total de 500,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.”

- **3ª Resolución con data 29/05/20** .- “1.- Aprobación o recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de maio, por importe total de 5.527,17 €, con cargo ás partidas 341-221,00 e 341-221,02 respectivamente.”

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 08/05/20.**- “1.- A aprobación provisional a D. Borja González Gallego, mentras se leva a cabo o estudo do seu expediente, a paralización do pago das cotas do Canon polas concensións das explotacións das cafeterías do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa (Pavillón nº 1 e Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo), por importes de 623,15 € e 574,75 € respectivamente, mentras se manteña a situación actual de declaración do Estado de Alarma co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 e non se reinicien as actividades deportivas no devandito Complexo.
2.- Comunicarlle que unha vez finalizado o Estado de Alarma e se restablezca toda a actividade deportiva do devandito Complexo, se levará a cabo unha Resolución do Sr. presidente definitiva, no que se indicará a aprobación da bonificación a aplicar das cotas dos citado Canons, se procede.”
- **2ª Resolución con data 14/05/20** .- “1.- Prestarlle a súa conformidade á inscrición do CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: AROSA PROMESAS C.F., no rexistro de Clubes/Entidades deportivas da Fundación de Deportes.

2.- Comunícaselle que no caso de utilizar algunha instalación deportiva municipal, deberá solicitar por escrito “A aprobación do correspondente Convenio Económico”, para poder ter a bonificación, no seu caso, ata o 100% do prezo público correspondente, de non ser así, aplicarase o prezo público conforme Acordo Regulador nº17 en vigor. Lémbraleslle que conforme a notificación de subsanación con rexistro de saída nº 2019000611 con data 11/09/2019, deberá acompañar á citada solicitude “Orixinal ou fotocopia compulsada do certificado de estar inscrito na Federación correspondente (Convenios Económicos para actividades deportivas federadas).”

Mes de xuño:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 08/06/20** .- “1.- Aprobación da reapertura das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, a partir do día 8 de xuño do presente ano, de acordo a normativa establecida para a **Fase 3** da desescalada do Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 anteriormente indicada e no seguinte horario:

<u>DÍAS</u>	<u>HORAS</u>
Luns a Venres	09:00-13:00 horas 17:00-23:00 horas
Sábado e Domingo	09:00-14:00 horas
Sábado	17:00-22:00 horas

2.-Aprobar as medidas que a continuación se indican de obrigado cumprimento e conforme a devandita normativa e o correcto uso das devanditas instalacións, que estarán expostas ao público nos taboleiros de anuncios do CDM Fontecarmoa:

- a) Permitirase que a práctica de adestramentos consistentes en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección.
- b) En instalacións ao aire libre, campo de fútbol e estadio de atletismo, autorízase a realización en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de vinte, mantendo as distancias de seguridade de dous (2) metros de maneira xeral, evitando en todo caso, situacións nas que se produza contacto físico.
- c) En instalacións pechadas, pavillóns nº 1 e nº 2, autorízase a realización en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de doce, mantendo as distancias de seguridade de dous (2) metros de maneira xeral, evitando en todo caso, situacións nas que se produza contacto físico.
- d) Nas pistas de tenis establécese un aforo de 4 persoas por pista e por hora, mantendo os dous (2) metros de distancia entre persoas.

- e) Poderá acceder ás mesmas calquer cidadán que desexe realizar unha práctica deportiva, que teña cumpridos os 14 anos, o que deberá ser acreditado co DNI.
- f) Para o seu uso é obrigatorio concertar “CITA PREVIA” ao teléfono 661545031 (Queda totalmente prohibido solicitar reserva na propia instalación deportiva), de luns a venres 09:00 a 14:00 e de 19:00 a 23:00 horas, así como o fin de semana no horario de apertura da instalación.
- g) Para a realización da actividade deportiva desenvolverase de maneira individualizada, sen contacto físico, nas quendas previamente estipuladas. Fóra da quenda reservada non se poderá permanecer na instalación, para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización da quenda.
- h) Establécese como máximo 2 horas diarias de reserva en calquera instalación deportiva. as horas reservadas serán estancas, unha vez completado o aforo establecido non se poderá acceder a instalación. Así como non está permitido o acceso para o público.
- i) A reserva a realizar será para o mesmo día ou para o día seguinte, non podendo reservar para máis de dous días de diferenza.
- j) O uso desenvolverase de maneira individualizada, sen contacto físico, polas quendas previamente estipuladas, fóra dos cales non se poderá permanecer na instalación, e de maneira que se evite a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización da quenda.
- k) Na pista de atletismo utilizaranse as rúas 3 e 6 para a carreira, cun máximo de 10 persoa por rúa cunha separación entre eles mínima de 10 metros. Para adiantamentos utilizarase as rúa colindantes, mantendo os 2 metros de distancia entre persoas, e regresando despois de adiantar as rúas reservadas para a carreira.
- l) Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se permite o acceso aos vestiarios.
- m) Establécese un único acceso para todas as instalacións. A entrada e saída será pola porta situada entre o pavillón nº 1 do Complexo e a Piscina Municipal.
- n) Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
- o) Obrigatorio o uso de mascarilla durante a permanencia no complexo. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a mascarilla.
- p) Obrigatorio a deinfección das mans co xel hidroalcohólico antes de comezar a actividade.

- q) Recoméndase a os/as deportistas o lavado de máns unha vez rematada a actividade.
- r) O material deportivo que utilizen os/as deportistas será da súa propiedade e non poderán compartise con outros usuarios.
- s) Os usuarios/as deberán levar as súas propias botellas de auga, xa que deshabilitarase as fontes existentes.
- t) Os operario-conserxe responsable da apertura e peche da instalación, deberán respectar en todo momento os protocolos que se establezan e impartir a normativa de pautas a seguir polos deportistas.
- u) En todo o non recollido nesta normativa, rexirase polo Regulamento de Réxime Interno da Fundación de Deportes.
- **2ª Resolución con data 10/06/20** .- “1.- Autorización a Agrupación Deportiva Cortegada, o uso do pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para reaundar os adestramentos do seu equipo de LF2, de luns a venres, do 10 ao 30 de xuño do presente ano, en dous turnos de traballo: 20:00-20:40 horas e de 20:50-21:30 horas,
- 2.- No relativo a o uso da explanada colindante co pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, non é posible acceder a súa solicitude, autorizándosele o uso dun espazo no Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez, para levar a cabo o adestramento ao aire libre, nos mesmos turnos que para o pavillón nº 1.
- 3.- En conformidade as medidas establecidas na Fase 3 da desescalada do Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:
- O acceso a instalación só para o persoal solicitado, adestradores e deportistas, tendo que na maior brevidade posible remitir o listado dos mesmos.
 - O acceso ao almacén será restrinxido, debendo ser unha soa persoa a que recolla e garde o material.
 - Deberase desinfectar o material despois de cada uso e gardar o mesmo baixo chave.
 - O acceso ao pavillón realizarase dende a porta situada ao lado da conserxería.
 - Cada deportista levará unha toalla para evitar entrar en contacto coas superficie
 - Permitirase que a práctica de adestramentos consistentes en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección.
 - Manter a distancia de seguridade de dous (2) metros.
 - Dispoñer de dispensadores de xel hidroalcohólico.

- Os adestradores deberán usar máscaras e guantes.
- Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se poderá utilizar os vestiarios.
- Os deportistas traerá cadanseu a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.
- Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que instalarán para dito uso na entrada da instalación, con desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida
- Manter os turnos horarios para os adestramentos, que evitará a coincidencia masiva de deportistas, e fóra dos cales non se poderá permanecer na instalación.
- Non está permitida a presenza de medios de comunicación dentro da instalación.
- Todo o non recollido nestas medidas, rexirase polo Regulamento de Réxime Interno da Fundación de Deportes.”

- **3ª Resolución con data 18/06/20** .- “1.- Comunicación ao Club Vilarousa que non é posible acceder a súa solicitude de uso do Pavillón Municipal da Torre, autorizando o uso do Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para reaudar os adestramentos das súas ximnastas durante o mes de xuño, en dúas quendas de traballo:

Días	horas
Luns, mércores e venres	10:00-13:00 horas.
Martes e xoves	16:00-19:00 horas.

Debendo levar a cabo o seu protocolo de medidas de prevención e protección e, da limpeza e desinfección periódica do material utilizado polos deportistas á finalización de cada turno de adestramento e a finalización da xornada.

2.- Comunicarlle que en conformidade as medidas establecidas no Plan de Transición cara unha nova realidade, tras o Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, regulada pola Resolución do 12 de xuño do presente ano, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:

- a) O acceso a instalación só está permitido para deportistas maiores de 14 anos e adestradores, debendo presentar previo uso da citada instalación, un listado dos/as deportistas e adestradores de cada quenda, sinalando, nome, apelidos, DNI, data de nacemento e nº licenza federativa.
- b) Fóra das quenda solicitada para cada grupo non se poderá permanecer na instalación para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización das quendas.

- c) Non se permite a entrada de público a actividade.
- d) O acceso ao Complexo realizarase dende a porta situada ao lado da conserxería.
- e) Obrigatorio, o uso de mascarilla durante a permanencia no complexo. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a mascarilla.
- f) Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
- g) O acceso ao almacén será restrinxido a unha persoa que será quen entre a recoller e gardar o material. Debendo levar a cabo a desinfección do material despois de cada uso e gardalo baixo chave.
- h) Permitirase que a práctica de adestramentos consistentes en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de doce.
- i) Manter a distancia de seguridade de 2 metros.
- j) Dispoñer de xel hidroalcohólico.
- k) Os adestradores deberán usar máscara e guantes.
- l) Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se poderá utilizar os vestiarios.
- m) Cada deportista levará unha toalla para evitar entrar en contacto coas superficies.
- n) Os deportistas traerá cada seu a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.
- o) Non está permitida a presenza de medios de comunicación dentro da instalación.
- p) Amáis do establecido nestas medidas, deberán cumprir coas medidas establecidas no protocolo entregado polo clube para deportistas, adestradores e uso de material.

3.- Autorízase a retirada do tapiz do devandito club que se atopa no Pavillón Municipal da Torre, para proceder a súa desinfección por parte da empresa VIT-SeC.”

- **4ª Resolución con data 19/06/20** .- “1.- Autorización a Agrupación Atlética Mazí, o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para reaundar os adestramentos dos seus atletas maiores de 14 anos, os meses de xuño e xullo, de luns a venres, de 20:00-23:00 horas. Debendo levar a cabo o seu protocolo de medidas de prevención e protección e, da limpeza e desinfección periódica do material utilizado polos deportistas á finalización de cada turno de adestramento e a finalización da xornada.

2.- Comunicarlle que en conformidade as medidas establecidas no Plan de Transición cara unha nova realidade, tras o Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria

provocada polo coronavirus COVID-19, regulada pola Resolución do 12 de xuño do presente ano, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:

- a)** O acceso a instalación só está permitido para deportistas maiores de 14 anos e adestradores, debendo presentar previo uso da citada instalación, un listado dos/as deportistas e adestradores de cada quenda, sinalando, nome, apelidos, DNI, data de nacemento e nº licenza federativa.
- b)** Fóra da quenda solicitada para cada grupo non se poderá permanecer na instalación para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización das quendas.
- c)** Non se permite a entrada de público a actividade.
- d)** O acceso ao Complexo realizarase dende a porta situada ao lado da conserxería.
- e)** Obrigatorio, o uso de mascarilla durante a permanencia no complexo. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a mascarilla.
- f)** Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
- g)** O acceso ao almacén será restrinxido a unha persoa que será quen entre a recoller e gardar o material. Debendo levar a cabo a desinfección do material despois de cada uso e gardalo baixo chave.
- h)** Permitirase que a práctica de adestramentos consistentes en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de doce.
- i)** Manter a distancia de seguridade de 2 metros.
- j)** Dispoñer de xel hidroalcohólico.
- k)** Os adestradores deberán usar máscara e guantes.
- l)** Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se poderá utilizar os vestiarios.
- m)** Cada deportista levará unha toalla para evitar entrar en contacto coas superficies.
- n)** Os deportistas traerá cada seu a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.
- o)** Non está permitida a presenza de medios de comunicación dentro da instalación.
- p)** Amáis do establecido nestas medidas, deberán cumprir coas medidas establecidas no protocolo entregado polo clube para deportistas, adestradores e uso de material.”

- **5ª Resolución con data 19/06/20** .- “1.- Comunicación ao Club Baloncesto Vilagarcía que non é posible acceder a súa solicitude de uso de instalación deportivas para o mes de xuño, autorizando o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para reaundar os adestramentos dos seus deportistas maiores de 14 anos, para o mes de xuño, de 10:00-13:00 horas. Debendo levar a cabo o seu protocolo de medidas de prevención e protección e, da limpeza e desinfección periódica do material utilizado polos deportistas á finalización de cada turno de adestramento e a finalización da xornada.

2.- No relativo á aprobación de autorización de uso de instalación deportivas municipais para adestramentos, para os meses de xullo e agosto, comunícaselle que dado que hai mais solicitudes de outras entidades, unha vez se leve a cabo a reestructuración e a reparticións de instalacións para adestramentos na tempada estival en función da normativa vixente, emitírase unha Resolución de aprobación.

3.- Comunicarlle que en conformidade as medidas establecidas no Plan de Transición cara unha nova realidade, tras o Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, regulada pola Resolución do 12 de xuño do presente ano, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:

- a) O acceso a instalación só está permitido para deportistas maiores de 14 anos e adestradores, debendo presentar previo uso da citada instalación, un listado dos/as deportistas e adestradores de cada quenda, sinalando, nome, apelidos, DNI, data de nacemento e nº licenza federativa.
- b) Fóra da quenda solicitada para cada grupo non se poderá permanecer na instalación para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización das quendas.
- c) Non se permite a entrada de público a actividade.
- d) O acceso ao Complexo realizarase dende a porta situada ao lado da conserxería.
- e) Obrigatorio, o uso de mascarilla durante a permanencia no complexo. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a mascarilla.
- f) Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
- g) O acceso ao almacén será restinxido a unha persoa que será quen entre a recoller e gardar o material. Debendo levar a cabo a desinfección do material despois de cada uso e gardalo baixo chave.
- h) Permitírase que a práctica de adestramentos consistentes en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos,

sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de doce.

- i) Manter a distancia de seguridade de 2 metros.
 - j) Dispoñer de xel hidroalcohólico.
 - k) Os adestradores deberán usar máscara e guantes.
 - l) Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se poderá utilizar os vestiarios.
 - m) Cada deportista levará unha toalla para evitar entrar en contacto coas superficies.
 - n) Os deportistas traerá cada seu a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.
 - o) Non está permitida a presenza de medios de comunicación dentro da instalación.
 - p) Amáis do establecido nestas medidas, deberán cumprir coas medidas establecidas no protocolo entregado polo clube para deportistas, adestradores e uso de material.”
- **6ª Resolución con data 22/06/20** .- “1.- Autorización ao Club Arosa S.C., o uso do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba para reanudar os adestramentos do seu equipo Senior, con motivo da preparación da fase de ascenso a 2ª división B e, no horario sinalado no seu escrito. Debendo levar a cabo os seus protocolos de medidas de prevención e protección, da limpeza e desinfección periódica do material utilizado polos deportistas á finalización de cada turno de adestramento e a finalización da xornada e, da limpeza de acordo ao Convenio de uso da devandita instalación en vigor.
- 2.- Comunicarlle que en conformidade as medidas establecidas no Plan de Transición cara unha nova realidade, tras o Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, regulada pola Resolución do 12 de xuño do presente ano, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:
- a) O acceso a instalación só está permitido para deportistas, adestradores e directivos, debendo presentar previo uso da citada instalación, un listado dos/as deportistas e adestradores de cada quenda, sinalando, nome, apelidos, DNI, data de nacemento e nº licenza federativa.
 - b) Fóra das quenda solicitada para cada grupo non se poderá permanecer na instalación para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización das quendas.
 - c) Non se permite a entrada de público a actividade.
 - d) O acceso a instalación realizarase dende a porta máis próxima as oficinas do clube.
 - e) Obrigatorio, o uso de máscara durante a permanencia na instalación. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a máscara.

- f) Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
 - g) O acceso ao almacén será restinxido a unha persoa que será quen entre a recoller e gardar o material. Debendo levar a cabo a desinfección do material despois de cada uso e gardalo baixo chave.
 - h) Permitirase que a práctica de adestramentos consistentes en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de doce.
 - i) Manter a distancia de seguridade de 2 metros.
 - j) Dispoñer de xel hidroalcohólico.
 - k) Os adestradores deberán usar máscara e guantes.
 - l) Os deportistas deberán vir cambiados de casa.
 - m) Cada deportista levará unha toalla para evitar entrar en contacto coas superficies.
 - n) Os deportistas traerá cada seu a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.
 - o) Amáis do establecido nestas medidas, deberán cumprir coas medidas establecidas no protocolo entregado polo clube para deportistas, adestradores e uso de material, así como da limpeza da instalación.”
- **7ª Resolución con data 22/06/20** .- “1.- Autorización a Dna. Mary Paz Vilas Dono, o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para levar a cabo adestramentos persoais co seu adestrador persoal e o seu propio material, do 17 ao 28 de xuño do presente ano, de luns a venres, de 11:00 a 13:00 horas. Así como dada a natureza da actividade, na que se trata dunha deportista con licenza federativa que ten que realizar adestramentos individuais, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor.
- 2.- Comunicarlle que en conformidade as medidas establecidas no Plan de Transición cara unha nova realidade, tras o Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, establecida pola Resolución do 12 de xuño do presente ano, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:
- a) O acceso a instalación só está permitido para a deportista e adestrador.
 - b) Fóra do horario aprobado non se poderá permanecer na instalación para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización do adestramento.

- c) O acceso ao Complexo realizarase dende a porta situada ao lado da conserxería.
- d) Obrigatorio, o uso de mascarilla durante a permanencia na instalación. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a mascarilla.
- e) Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
- f) Manter a distancia de seguridade de 2 metros.
- g) Dispoñer de xel hidroalcohólico.
- h) O adestrador deberán usar máscarilla e guantes.
- i) A deportista deberán vir cambiada de casa. Non se poderá utilizar os vestiarios.
- j) A deportista levará unha toalla para evitar entrar en contacto coas superficies.
- k) A deportista traerá a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.
- l) Non está permitida a presenza de medios de comunicación dentro da instalación.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 26/06/20** .- “1.- Adxudicación á empresa TROQUIÑA, S.L.a través dun contrato Menor de Servizos, os traballos de mantemento vexetal das instalacións deportivas municipais, ata a finalización da contratación da nova licitación e/ou por un período máximo de 5 meses, por importe total de 15.933,20 € (3.186,64 €/mes, IVE incluído), con cargo á partida 341-227,9902.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 19/06/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Manuel Martínez Romero, técnico deportivo da Fundación de Deportes, polos xustificantes de gastos presentados correspondentes á inscrición do Curso Formativo “TÉCNICAS DE RELAXACIÓN: IOGA”, realizado en modalidade On Line, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/02/2020, por importe de 210,00 €, con cargo ás partidas 341-162,00.”
- O Consello Reitor queda sabedor.

3.- DAR CONTA DAS BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2020 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2019, ASÍ COMO DA SÚA SOLICITUDE E ANEXOS ADXUNTOS.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da Resolución do Sr. presidente con data 05/05/2020 que dí literalmente o seguinte: “1.- Aprobar por urxencia as bases da convocatoria do exercicio 2020 correspondentes ás Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, realizadas durante o ano 2019, así como da súa solicitude e anexos adxuntos, pola situación actual na que está declarado o Estado de Alarma co fin de

afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 e, coa finalidade de non atrasar máis a tramitación e concesión das axudas económicas aos Clubes/Entidades Deportivas e a medida do posible non sexan perxudicados pola actual situación, por importe total de gastos de 30.000,00 €, con cargo á partida 341-483,01.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.”

Pola Sra. secretaria/delegada dáse unha breve exposición das modificacións realizadas nas bases da convocatoria do exercicio 2020 correspondentes ás Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, realizadas durante o ano 2019 e na solicitude e anexos. Indicando que se levou a cabo unha restructuración das bases, sobre todo nos apartados da presentación da documentación e fusionar dentro do posible todos os anexos que se requerían no exercicio anterior. Así como indica que de acordo aos Estatutos do OAAA, ao non superar o orzamento total do 5% do presuposto da Fundación de Deportes, non é necesario a súa ratificación polo Consello Reitor, pero dado que estes últimos anos as presentes bases foron aprobadas por este organo colexiado, é o motivo do porque se inclúe como asunto a tratar.

Interven o Sr. Vilas no que indica que no apartado 7.2 das devanditas bases que di literalmente o seguinte:” 7.2.- O prazo de admisión de solicitudes finaliza 20 días naturais despois do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.”, pódese entender que en vez de 20 días son 21 o prazo, dado que sinala despois do día seguinte, polo que propón que para o vindeiro exercicio se corrixa a súa redacción.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade queda sabedor das bases da convocatoria do exercicio 2020 correspondentes ás Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, realizadas durante o ano 2019, así como da súa solicitude e anexos adxuntos.

4.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EJERCICIO 2020, ASÍ COMO DA SÚA SOLICITUDE E ANEXOS ADXUNTOS. AO SUPERAR A CONSIGNACIÓN DO GASTO O 5% DOS RECURSOS ORDINARIOS DO ORZAMENTO DA FUNDACIÓN DE DEPORTES.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da Resolución do Sr. presidente con data 05/05/2020 que di literalmente o seguinte: “1.- Aprobar por urxencia as bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2020, correspondente á tempada 2018/19 ou, ano 2019, así como da súa solicitude e anexos adxuntos, pola situación actual na que está declarado o Estado de Alarma co fin de afrontar a

situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 e, coa finalidade de non atrasar máis a tramitación e concesión das axudas económicas aos Clubes/Entidades Deportivas e a medida do posible non sexan perxudicados pola actual situación, por importe total de gastos de 82.000,00 € e, en caso excepcionais, poderá aumentarse a citada consignación, coa existencia de sobrantes nas partidas coa mesma vinculación xurídica, con cargo á partida 341-483,00.

2.- Que a presente Resolución se remita ao Consello Reitor da Fundación de Deportes na vindeira sesión que celebre, para a súa ratificación ao superar a consignación do gasto o 5% dos recursos ordinarios do orzamento da Fundación de Deportes.”

Pola Sra. secretaria/delegada dáse unha breve exposición das modificacións realizadas nas bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2020, correspondente á tempada 2018/19 ou, ano 2019 e na solicitude e anexos. Indicando que se levou a cabo unha restructuración das bases, sobre todo nos apartados da presentación da documentación e fusionar dentro do posible todos os anexos que se requirían no exercicio anterior. Así como indica que de acordo aos Estatutos do OOAA, ao superar o orzamento total do 5% do presuposto da Fundación de Deportes, é necesario a súa ratificación polo Consello Reitor.

Interven o Sr. Vilas no que indica que no apartado 7.2 das devanditas bases que di literalmente o seguinte:” 7.2.- O prazo de admisión de solicitudes finaliza 20 días naturais despois do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.”, pódese entender que en vez de 20 días son 21 o prazo, dado que sinala despois do día seguinte, polo que propón que para o vindeiro exercicio se corrixa a súa redacción.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda ratificar a Resolución do Sr. presidente da aprobación das bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2020, correspondente á tempada 2018/19 ou, ano 2019, así como da súa solicitude e anexos adxuntos.

5.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 1º TRIMESTRE, ANO 2020.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 1º trimestre 2020 (1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2019), no que a 31/03/2020, non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprando o prazo de pago de 30 días. Así como indica que:

e) **Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 25,25 días.**

f) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:

Dentro do período legal de pago 57.781,32 €

Fora do período legal de pago 0,00 €

g) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 37.269,50 € e, fora do período legal de pago 0,00 € .

h) O **Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 3,97 días.**

O Consello Reitor queda sabedor.

6.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 1º TRIMESTRE DE 2020, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe do 1º trimestre de 2020 (1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2020), en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente, cumpríndose a obriga no prazo establecido legalmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

7.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2019.

Pola Sra. interventora/delegada da conta da Liquidación do presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa do ano 2019, co seguinte resultado:

RESULTADO ORZAMENTARIO:

Obrigas Recoñecidas netas	1.180.119,86 €
Dereitos recoñecidos netos	1.188.144,36 €
Resultado orzamentario	8.024,50 €
Desviacións positivas de financiamento	0,00 €
Desviacións negativas de financiamento	0,00 €
Gastos financiados con remanente líquido Tesourería	0,00 €
Resultado orzamentario axustado	8.024,50 €

Así como da conta da Resolución do Sr. presidente con data 28/02/2020, no que se aproba a citada Liquidación, cun resultado presupostario axustado que ascende á cantidade de 8.024,50 € e un remanente de Tesourería para gastos xerais positivo por importe de 238.039,53 €.

Por outro lado, e aos efectos da elaboración do Plan Económico Financeiro Consolidado polo incumprimento da regra de gasto, dáse conta do informe da Interventora no que se recolle o análise do incumprimento desta magnitude por parte da Fundación de

Deportes no que se recolle que: "...tralo análise realizado das variables económicas, e tendo en conta que os datos de remanente de tesourería e de estabilidade financeira son ao longo dos últimos anos positivos, debemos considerar que o incumprimento da regra de gasto da Fundación de Deportes non se debe a cuestións estruturais, senón a unha situación puntual a consecuencia do aumento do orzamento do exercicio 2019 por encima do que establecía a porcentaxe da regra de gasto para o citado ano e que foi absorbida polo dato favorable da regra de gasto consolidada, ao que se sumou un elevado porcentaxe de execución do citado exercicio, en contraposición co baixo porcentaxe do 2018."

En consecuencia adóptanse unhas medidas no exercicio 2020 que supón uns axustes por importe de 68.214,11 €, e proponse as que procede adoptar nos vindeiros exercicios, segundo o seguinte detalle:

"En canto a gastos, os créditos a declarar non dispoñibles nas aplicacións presupostarias serán os seguintes:

GASTOS:

341-22100-Fundación-Enerxía eléctrica 15.000,00 €

341-22609-Fundación-Actividades Deportivas 25.000,00 €

341-2269901-Fundación-Trofeos 5.000,00 €

341-22700 Fundación-Limpeza e aseo 12.214,11 €

341-62600 Fundación-Equipos proceso información 1.000,00 €

341-63200 Fundación-Inversión reposición edificios e const. 10.000,00 €

Asemade verase reducidos os ingresos procedentes da aportación do Concello, segundo o seguinte desglose:

INGRESOS:

40000 Transf. Corrientes da Admt. Xeral da Entidade Local 57.214,11 €

70000 Transf. De capital da Admt. Xeral da Entidade Local 11.000,00 €

Esta situación probablemente manterase no exercicio 2021 e aplicando un principio de prudencia aplicarase tamén aos exercicios 2022 e 2023, sen prexuízo dos correspondentes axustes que poidan necesitarse coa evolución dos parámetros da Fundación de Deportes e do Concello. Debese indicar que a aportación do Concello para a financiación do Organismo Autónomo representa mais do 90% dos ingresos do OOAA."

O Consello Reitor queda sabedor da dación de conta da liquidación e do informe do incumprimento da regra de gasto e aproba as medidas adoptadas para o exercicio 2020 e as previstas para os vindeiros exercicios, sen prexuízo dos axustes necesarios en función da evolución do Organismo Autónomo e do Concello.

8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS EFECTUADOS E INFORME DE CONTROL DAS CONTAS DE PAGO A XUSTIFICAR DO EXERCICIO 2019.

Pola Sra. interventora/delegada dáse conta do seu informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Sr. presidente contrarias aos reparos efectuados, así mesmo, nun punto adicional, informase dos resultados obtidos do control das contas de pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa, de acordo ao establecido nos artigos 15.6 e 27.2 do RD 424/2017, con ocasión da dación de conta da liquidación do presuposto, ano 2019. Sendo os expedientes con Resolución de levantamento de reparos formulados pola intervención delegada os seguintes:

1.- Expediente relativo á factura nº 19216 da empresa Troquiña S.L., no que con data 29 de agosto de 2019 emitiuse informe de reparo suspensivo por tratarse dun gasto realizado nunha instalación que non é de xestión desta Fundación de Deportes e, con data 13 de setembro de 2019, emítese Resolución de levantamento de reparos do Presidente da Fundación de Deportes por tratarse dunha instalación que aínda que non está cedida a esta entidade usase en determinados momentos.

2.- Expediente relativo ás irregularidades do expediente polo que o Concello de Vilagarcía de Arousa adxudica a empresa Clece S.A. o servizo de limpeza das instalación de Fexdega, no que en abril de 2017 emitiuse informe de reparo suspensivo por imputar os citados gastos á Fundación de Deportes e, con data de 2 de maio de 2017 emítese Resolución de levantamento de reparos do Presidente da Fundación de Deportes. Actualmente o citado contrato está prorrogado ata 2020. O citado gasto representa unha cantidade de 2.126,38 €/mes durante dous anos, polo que afecta tamén ao exercicio 2019.

Por outro lado informase do control das contas de pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa (artigo 27.2), no que indica que esta entidade non conta con contas de caixa fixa, polo que o informe refírese as contas de pagos a xustificar, no que no ano 2019 realizáronse un total de tres ordes de pago a xustificar, dúas delas correspondentes a premios de actividades deportivas e outra relativa a compra de mobiliario con motivo dun partido de fútbol feminino internacional, en todas elas consta no expediente a necesidade da realización do pago a xustificar e a xustificación dos mesmos, coa documentación correspondente, foi realizada dentro dos prazos establecidos na normativa.

O Consello Reitor queda sabedor

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL POR IMPORTE TOTAL DE 4.480,29 €, POR TRATARSE DUN GASTO DO EJERCICIO ECONÓMICO XA PECHADO, ANO 2018.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da Memoria da Presidencia e informe da Sra. interventora/delegada, relativo o recoñecemento extraxudicial a favor da empresa NATURGY IBERIA, S.A., por importe total de 4.480,29 €, polas facturas nº FE18321284287565,

correspondente ao subministro de enerxía eléctrica do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, periodo do 01/11-30/11/2018, por importe de 3.949,09 € e factura nº FE18321263869754, correspondente ao subministro de gas natural da caldeira do Pavillón nº 1 do CDM Fontecarmoa, periodo do 13/02-13/04/2018, por importe de 531,20 € por tratarse dun gasto do exercicio económico ano 2018, xa pechado:

O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar o recoñecemento da obriga extraxudicial a favor da empresa NATURGY IBERIA, S.A., por importe total de 4.480,29 €, co desglose anteriormente sinalado, con cargo á partida 341-221,00.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO APARTADO “6.- VALIDEZ DO CARNÉ” DAS NORMAS REGULADORAS DO CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, TEMPADA 2019/20.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da proposta do Sr. presidente relativa á modificación do apartado “6.- Validez do Carné” das normas reguladores do Carné da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, tempada 2019/20, na que propón que a validez do devandito carné remate o día 31 de decembro do presente ano, modificando o citado apartado quedando da seguinte maneira:

“O carné será válido para a tempada na que se solicita (entenderase que a tempada comeza o día 1 de setembro e remata o día 31 de decembro do ano seguinte). A partir deste exercicio, o carné será renovable por anos naturais”

Debido á situación de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19, polo que os/as usuarios/as que posúen o Carné da Fundación de Deportes, correspondente á tempada 2019/20 non tiveron o beneficio de ter a bonificación do prezo público do 3º Curso das actividades físico-recreativas de Adultos, así como a imposibilidade de poder usar as instalacións deportivas municipais, a consecuencia da devandita situación, dende o pasado día 13 de marzo ata a 30 de xuño, ao non reanudar a Fundación de Deportes ningunha actividade deportiva e a reapertura das instalacións deportivas.

O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar a modificación do apartado “6.- Validez do Carné” das normas reguladores do Carné da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, tempada 2019/20, quedando da seguinte maneira:

“O carné será válido para a tempada na que se solicita (entenderase que a tempada comeza o día 1 de setembro e remata o día 31 de decembro do ano seguinte). A partir deste exercicio, o carné será renovable por anos naturais”

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS NORMAS REGULADORAS DO CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2021.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das normas reguladoras do Carné da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, ano 2021, conforme ao Acordo Regulador nº17 do prezo público pola utilización das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa e outros Servizos, así como dos modelos de Solicitud e de Renovación do devandito Carné. Así como sinala a modificación do apartado 6.-Validez do Carné e prazo de presentación de solicitudes, que pasa a ser anual.

Polo Sr. director Deportivo indica que a petición de moitos usuarios/as das pistas de tenis que posúen o devandito Carné, que manifestan que non se restrinxen os días de utilización da citada instalación que na actualidade están establecidas como máximo en 3 días á semana. Polo que se propón modificar o apartado 8 punto e), eliminando o parágrafo “repartidas en 3 días” e quede “máximo de 6 horas á semana e no que ao día como máximo poida usarse 2 horas”.

O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar as normas reguladoras do Carné da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, ano 2021, conforme ao Acordo Regulador nº17 do prezo público pola utilización das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa e outros Servizos, así como dos modelos de Solicitud e de Renovación do devandito Carné, coas modificacións dos apartados 6 e 8 e) que quedan literalmente das seguinte maneira:

6.-VALIDEZ DO CARNÉ E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O carné será válido para o ano natural (1 de xaneiro a 31 de decembro de 2021). O carné será renovable por anualidades, sendo o prazo de presentación de solicitudes, tanto novas como de renovación, a partir do 1 de decembro de 2020.

8.-SERVIZOS QUE INCLÚE O CARNÉ:

.....

e) Sen perxuízo do indicado no apartado a) da presente norma, o carné permitirá que cada usuario utilice gratuitamente as pistas de tenis un máximo de 6 horas á semana (como máximo 2 horas ao día) e, o ximnasio de musculación un acceso diario”.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS DURANTE O ANO 2019.

Polo Sr. Director Deportivo fai un breve resumo do contido da memoria de actividades realizadas durante o ano 2018 e, indica que no expediente están todas as actividades que se realizaron ao longo do ano 2018, desglosadas nos seguintes apartados:

1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade.

- 1.1.1.- Curso 2018-19
- 1.1.2.- Curso 2019-20
- 1.2.- Escola Multideportiva.
 - 1.2.1.- Curso 2018-19
 - 1.2.2.- Curso 2019-20
- 1.3.- Escola Deportiva de Base.
 - 1.3.1.- Curso 2018-19
 - 1.3.2.- Curso 2019-20
- 1.4.- Escolas Náuticas Municipais
 - 1.4.1.- Escola de Vela
 - 1.4.2.- Escola de Piragüismo
 - 1.4.3.- Escola de Remo
 - 1.4.4.- Escola de Salvamento

2º.- ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS

- 2.1.- 2º Curso de actividades de adultos 2018-19
 - 2.1.1.- Curso de Ximnasia de mantemento
 - 2.1.2.- Curso de Ximnasia acuática
 - 2.1.3.- Curso de Aeróbic
 - 2.1.4.- Curso de Badminton
 - 2.1.5.- Curso de Tai Chi
 - 2.1.6.- Curso de loga
 - 2.1.7.- Curso de Pilates
 - 2.1.8.- Curso de Ximansia Funcional
 - 2.1.9.- Curso de Circuito Training
 - 2.1.10.- Curso de Estiramientos e Relaxación
- 2.2.- 3º Curso de actividades de adultos 2018-19
 - 2.2.1.- Curso de Ximnasia de mantemento
 - 2.2.2.- Curso de Ximnasia acuática
 - 2.2.3.- Curso de Aeróbic
 - 2.2.4.- Curso de Badminton
 - 2.2.5.- Curso de Tai Chi
 - 2.2.6.- Curso de loga
 - 2.2.7.- Curso de Pilates
 - 2.2.8.- Curso de Ximansia Funcional
 - 2.2.9.- Curso de Circuito Training
 - 2.1.10.- Curso de Estiramientos e Relaxación
- 2.3.- 1º Curso de actividades de adultos 2019-2020.

- 2.3.1.- Curso de Ximnasia de mantemento
- 2.3.2.- Curso de ximnasia acuática
- 2.3.3.- Curso de Aeróbic
- 2.3.4.- Curso de Badminton
- 2.3.5.- Curso de Tai chi
- 2.3.6.- Curso de loga
- 2.3.7.- Curso de Pilates
- 2.3.8.- Curso de Ximnasia Funcional
- 2.3.9.- Curso de Circuito Training
- 2.3.10.- Curso de Estiramientos e relaxación

3º.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

- 3.1.- Actividades Físico-Recreativas para Adultos
- 3.2.- Escola Multideportiva de Verán
- 3.3.-Torneos de Verán:
 - 3.3.1.- XVII Torneo de Tenis de Verán
 - 3.3.2.- III Torneo de Badminton de Verán
 - 3.3.3.- XVI Carreira Nocturna
 - 3.3.4.- XXVII Memorial Adolfo Pedrido de Xadrez
- 3.4.- Vilagarcía a Mares:
 - 3.4.1.- LVI Travesía a nado ao Porto de Vilaxoan.
 - 3.4.2.- XXV Bandeira Concello de Vilagarcía de Traiñas.

4º.- XIII XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO

- 4.1.- Participación Equipo de Atletismo Adaptado

5º.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

- 5.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes.
- 5.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

Prodúcese un pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar a Memoria de Actividades realizadas durante o ano 2019 e remiti-la ao Pleno-Concello, para a súa ratificación, se procede.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DAS ACTIVIDADES FÍSICAS VERÁN VILAGARCÍA 2020.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Proxecto de Actividades Físicas Verán Vilagarcía 2020 que a continuación se relaciona, elaborado polo Sr.director Deportivo:

- ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA TODOS

- o Actividade física en familia
- o Aerotono
- o Actividade física con implementos
- o loga en familia
- o XVIII Torneo de tenis de verán
- o IV Torneo de Bamintón de Verán

Asemade preséntase o Orzamento de gastos total para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 3.500,00 € co seguinte deglose:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE</u>
- SEGUROS DEPORTIVOS ACTIVIDADES	2.200,00 €
- TROFEOS ACTIVIDADES DEPORITIVAS DE VERÁN	800,00 €
- GASTOS IMPREVISTOS	<u>500,00 €</u>
TOTAL	3.500,00 €

Interven o Sr. director Deportivo que fai un breve resumo ao Proxecto, no que indica que dada a situación actual suprimese os eventos deportivos: XVII Edición da Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía e a LVII Edición da Travesía a nado ao Porto de Vilaxoan. Así como as actividades da Escola Multideportiva de Verán e, as actividades de adultos se unifican en actividade física familiar, reducindo o aforo ata un máximo de 25 persoas e o seu desenvolvemento se levará a cabo no Recinto Fexdega a partir do 15 de xullo do presente ano. Realizando un protocolo de acordo á normativa vixente aprobada pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19.

Continúa sinalando que os eventos deportivos que a continuación se relacionan, incluídos no Proxecto de Verán de anos anteriores, pola situación actual, realizarase o seu propio expediente, que se aprobará por Resolución do Sr. presidente:

- XXVI Bandeira Concello de Vilagarcía de Traiñas.
- XXVIII Memorial Adolfo Pedrido de Xadrez

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o Proxecto de Actividades Físicas Verán Vilagarcía 2020, cun orzamento total de gastos por importe total de 3.500,00 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
- SEGUROS DEPORTIVOS ACTIVIDADES	2.200,00 €	341-224
- TROFEOS ACTIVIDADES DEPORITIVAS DE VERÁN	800,00 €	341-226,9901
- GASTOS IMPREVISTOS	<u>500,00 €</u>	341-226,09
TOTAL	3.500,00 €	

2.- Facultar ao Sr. presidente para a variación e/ou modificación do devandito proxecto, para adecualo, no seu caso, á normativa que se vaia aprobando pola emerxencia

sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 ou, no caso de que concorran circunstancias sobrevidas e/ou imprevistas, así como a aprobación de todas as follas de inscrición.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.

- Polo Sr. presidente interven para indicar que nestes meses non se puido levar a cabo ningunha reunión do Consello Reitor, debido á á situación actual de declaración do Estado de Alarma co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada plo coronavirus COVID-19.

- O Sr. Vilas interven para manifestar que o Consello Superior de Deportes aprobó un protocolo, onde indica que cada Federación Deportiva de cada modalidade deportiva, debe ter o seu propio protocolo, especificando as medidas a tomar no seu deporte. Así como pregunta se a Fundación de Deportes realizou o protocolo para as actividades propias e para o uso das instalacións deportivas e si este debe ser aprobado por algún organo Colexiado e/ou polo Pleno da Corporación.

O Sr. director Deportivo contestalle que os protocolos que neste momento se levaron a cabo son: O protocolo para o proxecto de actividades físicas Verán Vilagarcía 2020, que está incluído no devandito proxecto e o protocolo de uso de instalacións deportivas municipais, tendo aberto na actualidade o Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, Centro Sociocultural e Deportivo de Vilaxoán e o Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoan, que foi aprobado por Resolución do Sr. presidente.

O Sr. Vilas sinala que nas actividades deportivas, deberíase asinar por cada participante unha declaración xurada de que non está infectado, quedando baixo a súa responsabilidade.

O Sr. presidente indica que se pode levar a cabo un modelo de declaración, na actualidade existen termómetros nas instalacións deportivas, que o responsable da instalación o da actividade realiza a medición da temperatura corporal, non poidendo garantir o risco 0.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e nove minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2020

No Salón de Plenos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e dous de outubro de dous mil vinte, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 17/09/2019, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidente: D. Alvaro Carou García

Vogaís: D. Álvaro Penas Cascón (suplente de Dna. M^a De la O Fernández González)

D. Ángel Cardalda Mosquera

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. José Luis Peso Teodosio

D. José Ramón Santorum Canto (incorpórase ás 20:46 horas)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M^a Otero Piñeiro

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión ordinaria do día sete de xullo do presente ano, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO VINTE E SETE DE XUÑO AO TRINTA DE SETEMBRO DO PRESENTE ANO.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do vinte e sete de xuño ao trinta de setembro do presente ano, relativas a:

Mes de Xuño :

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 30/06/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de xuño, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 4.242,60 €. Así como faise constar o informe da intervención delegada e do Sr. director Deportivo relativo ás facturas dos traballos realizados de tratamentos fisiosanitarios nos Terreos das instalacións deportivas de herba natural.”
- **2ª Resolución con data 30/06/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de xuño, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 8.417,18 €:
 - 1.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-20148, correspondente ao contrato de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de maio, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 14/09/2017 e a súa revisión de prezos conforme IPC pola Resolución do Sr. presidente con data 07/11/2019, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 341-227,9902.
 - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000011620F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, levando a cabo unha limpeza de mantemento xeral no Estado de Alarma declarado co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, mes de maio, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe total de 3.415,54 €, con cargo á partida 341-227,00.
 - 3.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 2033, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 2º trimestre (abril, maio e xuño, ano 2020) aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 24/06/2019, por importe total de 1.815,00 €, con cargo á partida 341-227,9902.”
- **3ª Resolución con data 30/06/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais, mes de xuño, por importe total de 6.698,52 €, con cargo ás partidas 341-221,00.”

Mes de Xullo:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 01/07/20** .- “1.- Autorización ao Club San Martín, o uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán para o desenvolvemento da Escola de Verán, para nenos/as de 6 a 15 anos, para un total de 40 prazas, de luns a venres, en horario de 9:00-14:00 horas, dende o 29 de xuño ao 29 de agosto do presente ano. Debendo levar a cabo o seu protocolo de medidas de prevención e protección das persoas e, da limpeza e desinfección periódica do material utilizado polos deportistas á finalización de cada turno da actividade e a finalización da xornada. Asemade, tal como indica a lexislación, os aseos deberán limparse e desinfectarse una vez o día, labor que deberá realizar o Club de acordo ao Convenio asinado coa Fundación de Deportes, donde se establece que o club deberá facerse cargo da limpeza da instalación do Campo de Fútbol de Vilaxoán. Faise constar que dito Convenio esta obsoleto, polo que, deberá asinar un novo Convenio na maior brevidade posible.
- 2.- Comunicarlle que en conformidade as medidas establecidas no Plan de Transición cara unha nova realidade, tras o Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, regulada pola Resolución do 12 de xuño do presente ano, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:
 - a) O acceso a instalación só está permitido para o persoal solicitado, moinitores e deportistas.
 - b) Fóra dos horarios solicitados non se poderá permanecer na instalación para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización das quendas.
 - c) Non se permite a entrada de público a actividade.
 - d) O acceso ao campo, levarase a cabo por unha sóa porta, tal e como indican no seu protocolo.
 - e) Obrigatorio, o uso de mascarilla durante a permanencia no campo. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a mascarilla.
 - f) Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
 - g) O acceso ao almacén será restrinxido a unha persoa que será quen entre a recoller e gardar o material. Debendo levar a cabo a desinfección do material despois de cada uso e gardalo baixo chave.
 - h) Permitirase a práctica deportiva en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto

físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de vinte.

- i)** Manter a distancia de seguridade de 2 metros.
- j)** Dispoñer de xel hidroalcohólico.
- k)** Os adestradores deberán usar máscara.
- l)** Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se poderá utilizar os vestiarios.
- m)** Cada deportista levará unha toalla para evitar entrar en contacto coas superficies.
- n)** Os deportistas traerá cada seu a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.

3.- No relativo a cesión de material deportivo, canastras e postes de badminton-volei, non e posible acceder a súa petición, xa que atendendo a lexislación vixente co motivo da pandemia do COVID-19, este é un material que podería ser unha fonte de contaxio.

4.- Aprobar a realización da rega do terreo de xogo da devandita instalación, que se levará a cabo a través do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, polas mañáns, sempre e cando as condicións meteorolóxicas así o requiran.

5.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016 e Resolución do Sr. presidente con data 23/06/2017, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

- a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.
- b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 4 becas (de 40 prazas ofertadas), para a inscrición de oito alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Faíse constar a presentación da seguinte documentación para poder iniciar a súa actividade:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) Listado dos Monitores que vaian a realizar a actividade, co nome e apelidos e DNI.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **2ª Resolución con data 03/07/20** .- “1.- Aprobación do horario de verán do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se indica:

<u>DÍAS</u>	<u>HORAS</u>
Luns a Venres	09:00-13:00 horas 17:00-23:00 horas
Sábado e Domingo	09:00-14:00 horas

2.-Aprobar o Protocolo das medidas que a continuación se indican de obrigado cumprimento e conforme a normativa vixente na actualidade para o correcto uso da devandita instalación deportiva, que estará exposto ao público nos taboleiros de anuncios do CDM Fontecarmoa:

- Poderán acceder calquer cidadán que desexe realizar unha práctica deportiva, que teña cumpridos os 6 anos, o que deberá ser acreditado co DNI. Os menores de idade deben estar acompañados dun adulto responsable durante a actividade.
- Permitirase que a práctica de adestramentos consistentes en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección.
- En instalacións ao aire libre, campo de fútbol e estadio de atletismo, autorízase a realización en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de vinte e cinco, mantendo as distancias de seguridade de dous (2) metros de maneira xeral, evitando en todo caso, situacións nas que se produza contacto físico.
- En instalacións pechadas, pavillóns nº 1 e nº 2, autorízase a realización en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de quince, mantendo as distancias de seguridade de dous (2) metros de maneira xeral, evitando en todo caso, situacións nas que se produza contacto físico.

- A actividade nos campos de fútbol e os pavillóns, estará limitada para adestramentos dos clubs, non poden ser alugadas para xogar entre afeccionados.
- Nas pistas de tenis establécese un aforo de 4 persoas por pista e por hora, mantendo os dous (2) metros de distancia entre persoas.
- Para o seu uso é obrigatorio concertar “CITA PREVIA” ao teléfono 661545031 (Queda totalmente prohibido solicitar reserva na propia instalación deportiva), de luns a venres 09:00 a 14:00 e de 19:00 a 23:00 horas, así como o fin de semana no horario de apertura da instalación.
- Para a realización da actividade deportiva desenvolverase de maneira individualizada, sen contacto físico, nas quendas previamente estipuladas. Fóra da quenda reservada non se poderá permanecer na instalación, para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización da quenda.
- Establécese como máximo 2 horas diarias de reserva en calquera instalación deportiva. as horas reservadas serán estancas, unha vez completado o aforo establecido non se poderá acceder a instalación. Así como non está permitido o acceso para o público.
- A reserva a realizar será para o mesmo día ou para o día seguinte, non podendo reservar para máis de dous días de diferenza.
- Na pista de atletismo utilizaranse as rúas 3 e 6 para a carreira, cun máximo de 10 persoa por rúa cunha separación entre eles mínima de 10 metros. Para adiantamentos utilizarase as rúa colindantes, mantendo os 2 metros de distancia entre persoas, e regresando despois de adiantar as rúas reservadas para a carreira.
- Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se permite o acceso aos vestiarios.
- Establécese un único acceso para todas as instalacións. A entrada e saída será pola porta situada entre o pavillón nº 1 do Complexo e a Piscina Municipal.
- Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
- Obrigatorio o uso de mascarilla durante a permanencia no complexo. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a mascarilla.
- Obrigatorio a deinfección das mans co xel hidroalcohólico antes de comezar a actividade.

- Recoméndase a os/as deportistas o lavado de máns unha vez rematada a actividade.
- O material deportivo que utilizen os/as deportistas será da súa propiedade e non poderán compartise con outros usuarios.

No caso dos clubs/entidades deportivas, os que teñan que por necesidade compartir material, deberán desinfectalo despois de cada uso e cando rematen a práctica deportiva deberán gardalo baixo chave.

- Os usuarios/as deberán levar as súas propias botellas de auga, xa que deshabilitaranse as fontes existentes.
- Os operario-conserxe responsable da apertura e peche da instalación, deberán respectar en todo momento os protocolos que se establezan e impartir a normativa de pautas a seguir polos deportistas.
- En todo o non recollido nesta normativa, rexirase polo Regulamento de Réxime Interno da Fundación de Deportes.”

- **3ª Resolución con data 13/07/20** .- “1.- Autorización á AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ, o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da “VI ESCOLA DE VERÁN DE ATLETISMO MAZÍ”, para nenos/as de 6 a 12 anos, para un total de 48 prazas do 13 de xullo ao 7 de agosto do presente ano, (excepto os días que sexan festivos), luns, martes, xoves e venres, de 09:30-13:00 horas.

Debendo levar a cabo o seu protocolo de medidas de prevención e protección e, da limpeza e desinfección periódica do material utilizado polos deportistas á finalización de cada turno de adestramento e a finalización da xornada.

2.- Comunicarlle que en conformidade as medidas establecidas no Plan de Transición cara unha nova realidade, tras o Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, regulada pola Resolución do 12 de xuño do presente ano, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:

- a) O acceso a instalación só está permitido para o persoal solicitado, adestradores e deportistas.
- b) Fóra dos horarios solicitados non se poderá permanecer na instalación para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización das quendas.
- c) Non se permite a entrada de público a actividade.
- d) O acceso ao Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa para o uso normal da instalación, estase a realizar pola parte superior do mesmo para garantir as medidas de seguridade, Dado que esta escola é unha actividade de menores, o

acceso e a saída como grupo farase pola porta de acceso ao Estadio de Atletismo. Unha vez comece a actividade e ata o remate da mesma, as devanditas portas permanecerán pechadas, polo que, se alguén chega tarde a actividade, deberán entrar pola parte superior, como o resto dos usuarios.

- e)** Obrigatorio, o uso de mascarilla durante a permanencia no Complexo. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a mascarilla.
- f)** Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
- g)** O acceso ao almacén será restrinxido a unha persoa que será quen entre a recoller e gardar o material. Debendo levar a cabo a desinfección do material despois de cada uso e gardalo baixo chave.
- h)** Permitirase a práctica deportiva en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de vinte por grupo.
- i)** Manter a distancia de seguridade de 2 metros.
- j)** Dispoñer de xel hidroalcohólico.
- k)** Os adestradores deberán usar máscara..
- l)** Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se poderá utilizar os vestiarios.
- m)** Cada deportista levará unha toalla para evitar entrar en contacto coas superficies.
- n)** Os deportistas traerá cada seu a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.

3.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

- a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.
- b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 5 becas (das 48 prazas ofertadas), para a inscrición de cinco alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

Así como, que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

5.- Faise constar a presentación da seguinte documentación para poder iniciar a súa actividade:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.3) Listado de participantes e monitores que van a realizar a actividade, con nome, apelidos e DNI.

Asemade comunicaselle, que antes do comezo a devandita escola deberá presentar o seguro de accidentes correspondente a mesma.

6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **4ª Resolución con data 14/07/20** .- "1.- Autorización ao Club Vilarousa Ximnasia Rítmica o uso do Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para adestramentos da pretempada 2019-20, os meses de xullo e agosto do presente ano, os martes, mércores e xoves, de 10:00-13:00 horas. Excepto os días que sexan festivos.

Debendo levar a cabo o seu protocolo de medidas de prevención e protección e, da limpeza e desinfección periódica do material utilizado polos deportistas á finalización de cada turno de adestramento e a finalización da xornada.

2.- Comunicarlle que en conformidade as medidas establecidas no Plan de Transición cara unha nova realidade, tras o Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, regulada pola Resolución do 12 de xuño do presente ano, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:

- a) O acceso a instalación só está permitido para o persoal solicitado, adestradores e deportistas.
- b) Fóra dos horarios solicitados non se poderá permanecer na instalación para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización das quendas.
- c) Non se permite a entrada de público a actividade.
- d) Establécese un único acceso para todas as instalacións. A entrada e saída será pola porta situada entre o pavillón nº 1 do Complexo e a Piscina Municipal.
- e) Obrigatorio, o uso de mascarilla durante a permanencia no Complexo. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a mascarilla.
- f) Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
- g) O acceso ao almacén será restrinxido a unha persoa que será quen entre a recoller e gardar o material. Debendo levar a cabo a desinfección do material despois de cada uso e gardalo baixo chave.
- h) Permitirase a práctica deportiva en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de vinte por grupo.
- i) Manter a distancia de seguridade de 2 metros.
- j) Dispoñer de xel hidroalcohólico.
- k) Os adestradores deberán usar máscara.
- l) Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se poderá utilizar os vestiarios.
- m) Cada deportista levará unha toalla para evitar entrar en contacto coas superficies.
- n) Os deportistas traerá cada seu a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.

3.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso licenzas federativas en vigor.

5.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser

utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

6.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **5ª Resolución con data 20/07/20** .- “1.- Autorización ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para adestramentos de verán, os meses de xullo e agosto do presente ano, os luns, mércores e venres de 10:00-13:00 horas, excepto os días que sexan festivos. Debendo levar a cabo o seu protocolo de medidas de prevención e protección e, da limpeza e desinfección periódica do material utilizado polos deportistas á finalización de cada turno de adestramento e a finalización da xornada.

2.- Comunicarlle que en conformidade as medidas establecidas unha vez superado o Plan de Transición cara unha nova normalidade, tras o Estado de Alarma declarado pola emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, regulada pola Resolución do 25 de xuño do presente ano, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:

- a) O acceso a instalación só está permitido para o persoal solicitado, adestradores e deportistas.
- b) Fóra dos horarios solicitados non se poderá permanecer na instalación para evitar a acumulación de persoas nos accesos, tanto o inicio como a finalización das quendas.
- c) Non se permite a entrada de público a actividade.
- d) Establécese un único acceso para todas as instalacións. A entrada e saída será pola porta situada entre o pavillón nº 1 do Complexo e a Piscina Municipal.
- e) Obrigatorio, o uso de mascarilla durante a permanencia no Complexo. No momento da práctica deportiva, pódese facer a mesma sen a mascarilla.
- f) Será obrigatorio a desinfección do calzado nas bandexas que se instalarán para dito uso.
- g) O acceso ao almacén será restinxido a unha persoa que será quen entre a recoller e gardar o material. Debendo levar a cabo a desinfección do material despois de cada uso e gardalo baixo chave.
- h) Permitirase a práctica deportiva en tarefas individualizadas de carácter físico e técnico así como adestramentos tácticos non exhaustivos, sempre sen contacto

físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de vinte por grupo.

- i) Manter a distancia de seguridade de 2 metros.
- j) Dispoñer de xel hidroalcohólico.
- k) Os adestradores deberán usar máscara.
- l) Os deportistas deberán vir cambiados de casa. Non se poderá utilizar os vestiarios.
- m) Cada deportista levará unha toalla para evitar entrar en contacto coas superficies.
- n) Os deportistas traerá cada seu a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.

3.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou, no seu caso licenzas federativas en vigor.

5.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada/pretempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

6.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 15/07/20** .- “1.- Adxudicación á empresa CALEFACCIONES PAULINO, S.L.a través dun contrato Menor de Servizos, a continuación cos traballos de mantemento instalacións térmicas das instalacións deportivas municipais,ata a finalización da nova licitación e/ou por un período máximo de 12 meses, por importe total de 7.260,00 € (1.815,00 €/trimestre, I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-227,9902.”
- **2ª Resolución con data 15/07/20** .- “1.- Adxudicación a MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de Accidentes dos participantes nas Actividades Deportivas e Torneos de Verán (Badminton e Tenis), incluídas no Proxecto de Actividades Deportivas

“ACTIVIDADE FÍSICA VERÁN VILAGARCÍA”, ano 2020, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 1.191,62 € (478,03 €/adultos e 713,59 €/torneos), con cargo á partida 341-224.”

- **3ª Resolución con data 17/07/20** .- “1.- Aprobación dos gastos de organización da XXVI BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCIA DE TRAIÑAS 2020, que se levará a cabo o vindeiro día 19 de xullo do presente ano, por importe total de 9.180,00 € co seguinte desglose:

- CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
- Premios en metálico	7.830,00 €	341-481,00
- Taxas Portos de Galica	150,00 €	341-226,09
- Balizaxe da proba	1.000,00 €	341-226,09
- Imprevistos	200,00 €	341-226,09
- Total	9.180,00 €	

2.- Adxudicar ao Club de Remo Vilaxoán a través dun contrato Menor de Servizos, o balizamento do campo de regata, por importe total de 1.000,00 €, con cargo á partida 341-226,09.”

- **4ª Resolución con data 31/07/20** .- “1.- Adxudicación á empresa SEPYMEDICAL, S.L., a través dun contrato Menor de Subministrados, a adquisición de seis baterías para os desfibriladores que se atopan nas instalacións deportivas municipais, dado que su vida útil remata ao cumprirse o periodo de 4 anos, por importe de 1.488,30 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-213.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE:”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 24/07/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de xullo, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 1.852,94 €.”

- **2ª Resolución con data 24/07/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de xullo, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 12.197,04 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000014220F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE

EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, levando a cabo unha limpeza de mantemento xeral na nova normalidade co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, mes de xuño, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe total de 6.143,16 €, con cargo á partida 341-227,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000014920F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), levando a cabo unha limpeza de mantemento xeral na nova normalidade co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, mes de xuño, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe de 375,66 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-20180, correspondente ao Contrato Menor de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de xuño, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/06/2020, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 341-227,9902.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 200041, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de marzo, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2019, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 200042, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento

das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de abril, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2019, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 200043, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de maio, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2019, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 200044, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de xuño, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2019, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 42204201, correspondente á contratación da póliza de Seguros nº 51376006 do seguro de accidentes dos participantes nas Actividades Deportivas incluídas no Proxecto de Actividade Física “VERÁN VILAGARCÍA 2020”, aprobado o seu gasto polo Consello Reitor en sesión con data 07/07/2020 e a súa adxudicación pola Resolución do Sr. presidente con data 15/07/2020 por importe de 713,59 €, con cargo á partida 341-224.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 42204202, correspondente á contratación da póliza de Seguros nº 51376007 do seguro de accidentes dos participantes nos Torneos de Bádminton e Tenis incluídos no Proxecto de Actividade Física “VERÁN VILAGARCÍA 2020”, aprobado o seu gasto polo Consello Reitor en sesión con data 07/07/2020 e a súa adxudicación pola Resolución do Sr. presidente con data 15/07/2020 por importe de €, con cargo á partida 341-224.”

- **3ª Resolución con data 24/07/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de xullo, por importe total de 186,90 €, con cargo ás partidas 341-221,00 e 341-221,02 respectivamente.”

Mes de agosto:

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 24/08/20** .- “1.- Adxudicación da adquisición de 2 trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., para entrega de premios pola celebración do LIIº TROFEO SAN ROQUE, CLASE SNIPE DE VELA a través dun contrato menor de subministro, por importe de 72,50 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.
2.- Adxudicar a adquisición de 1 trofeo á empresa RAFAVILAPORTO, S.L.U., para o vencedor da devandita Regata, no caso de que consiga vencer en 3 anos consecutivos ou 5 alternos a través dun contrato menor de subministro, por importe de 490,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226-9901.”
- **2ª Resolución con data 26/08/20** .- “1.- Nomeamento do como Encargado Accidental do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, D. Juan José Ventoso Fuentes, pola ausencia do encargado titular do devandito Servizo, D. Javier Vicente Maneiro, por vacacións e compensación de horas extras realizadas do 11 de agosto ao 30 de setembro do presente ano.
2.- Aprobar o abono en nómina dun plus de produtividade, por importe de 319,71€/mes (cantidade que recibe o encargado do servizo de mantemento como complemento por exercer esta función), sen que o mesmo sexa descontado ao Encargado titular por ter dereito as vacacións e ausencias do seu posto de traballo, con cargo á partida económica 341-130,0200.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 24/08/20** .- “1.- Aprobación das devolucións de ingreso a favor de: Dna. Alicia Cardalda Diz, Dna. Mª del Mar Mosquera Padín, Dna. Paula Zambrano Camiña, Dna. Montserrat Vázquez Pardo, Dna. Beatriz Fernández Pedrosa, Dna. Flora Rico Padín, Dna. Mª Teresa Fernández Caeiro, Dna. Peregrina García Vila e, Dna. Nerea García Iglesias, do importe ingresado da cota do prezo público das solicitudes de inscrición do 3º Curso das actividades Físico Recreativas de Adultos, curso 2019/20, por importe de 18,00 €/persoa, con cargo á partida 343,01.
2.- Aprobar que as cotas de inscrición ingresadas de Dna. Mª de los Ángeles Santos Nores e Dna. Lucía Renda López, por importe de 18,00 €/persoa, sexa utilizada para vindeiro curso que se realice, tempada 2020/21.”
- **2ª Resolución con data 28/08/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de agosto, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 3.204,36 €.”
- **3ª Resolución con data 28/08/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de agosto, da Fundación Pública de

Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 18.273,31 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000017520F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, levando a cabo unha limpeza de mantemento xeral na nova normalidade co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, mes de xullo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe total de 9.595,42 €, con cargo á partida 341-227,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0248000018220F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), levando a cabo unha limpeza de mantemento xeral na nova normalidade co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, mes de xullo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe de 2.253,96 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 200048, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de xullo, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2019, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-20219, correspondente ao Contrato Menor de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de xullo, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/06/2020, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 341-227,9902.

5.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DE REMO VILAXOÁN, pola factura nº Emit-5, correspondente ao balizamento da “XXVI REGATA BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE TRAIÑAS”, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 17/07/2020, por importe de 1.000,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SEPYMEDICAL, S.L., pola fatura nº A0002020 248, correspondente á adquisición de seis baterías para os desfibriladores que se atopan nas instalacións deportivas municipais, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 31/07/2020, por importe de 1.488,30 €, con cargo á partida 341-213.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de SILVA MASCATO, MANUEL pola fatura nº AC-03/20, correspondente á realización das clases do II Curso de Taichi incluído no Proxecto de Actividades Deportivas de Inverno, curso 2019/20, mes de ½ marzo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 11/10/2019, por importe de 424,00 €, con cargo á partida 341-226,09.”

Mes de setembro:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 16/09/20** .- “1.- Traslado aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
 - . Departamento de Obras, a cesión de dúas carpas.
 - . Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de colaboración na devandita proba.”

B.- Aprobacións de gastos e adjudicacións:

- **1ª Resolución con data 08/09/20** .- “1.- Aprobación da concesión dos Premios en Metálico e o seu recoñecemento da obriga a favor da relación de Clubes/Entidades Deportivas, de acordo á clasificación obtida na XXVI REGATA BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE TRAIÑAS, aprobado o seu gasto pola Resolución do Sr. Presidente con data 17/07/2020, por importe total 7.830,00 €, con cargo a partida 341-481,00 e co seguinte desglose:

-	<u>CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS</u>	<u>IMPORTE</u>
-	1º S.D. SAMERTOLAMEU	1.080,00 .-
-	2º C.D. TIRÁN-PEREIRA	990,00 .-
-	3º S.R. VILAXOÁN	900,00 .-
-	4º C. DO MAR DE BUEU	810,00 .-
-	5º C. B. CABO	765,00 .-
-	6º C.D.MECOS	738,00 .-
-	7º C.R. RIANXO	702,00 .-

-	8º C.R. MUROS	648,00 .-
-	9º C.R. ESTEIRANA	612,00 .-
-	10º C.D.R. MERA	<u>585,00 .-</u>
-	TOTAL	7.830,00 €

2.- Proceder o reintegro do sobrante por importe total de 350,00 €, en concepto de Taxas Portos de Galicia (150,00 €) e gastos imprevistos (200,00 €), aprobado pola Resolucion do Sr. Presidente con data 17/07/2020, á partida económica 341-226,09.”

- **2ª Resolución con data 11/09/20** .- “1.- Adxudicación á empresa TROQUIÑA, S.L., a través dun contrato Menor de Subministros, a adquisición de 40 m3 de area de silice de 1mm de grosor, para realizar os traballos de picado, resembrado e areado dos Campos de Fútbol Municipais de Herba Natural, por importe de 2.764,30 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-210.”
- **3ª Resolución con data 17/09/20** .- “1.- Autorización a D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación, a realización do Curso Formativo “YIN YOGA”, en modalidade On Line. Así como aprobar os gastos de inscrición, por importe de 254,10 €, con cargo á partida 341-162,00. Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora, así como os xustificantes de gastos.
- **4ª Resolución con data 18/09/20** .- “1.- Adxudicación á empresa MOVIMIENTO DE ÁRIDOS E COSTRUCCIÓN DE AROSA, S.L. (MARCONSA), a través dun contrato Menor de Obra, para levar a cabo a reparación da depresión en parte do terreo de xogo do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, por importe de 13.915,00 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-619,00.”
- **5ª Resolución con data 24/09/20** .- “1.- Adxudicación a empresa CUEVAS, S.L., a adquisición de 5 módulos sanitarios (mamparas) e modificación de dúas fiestras das oficinas da Fundación de Deportes, para a protección dos traballadores contra o COVID 19, a través dun contrato menor de subministros, por importe total de 3.404,67 € (I.V.E. incluído), co seguinte desglose:

-	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
-	Módulos sanitarios (mamparas)	2.299,00 €	341-623,00
-	Modificación fiestras	<u>1.105,67 €</u>	341-212
-	Total	3.404,67 €	

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 30/09/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de Dna. Mª Jesús Pérez Rodríguez e D. Bruno Lemiña Ojea, Técnicos Deportivos da Fundación de Deportes, correspondente aos gastos que a continuación se relacionan, do Curso Formativo “PROGRAMA DE FORMACIÓN INTEGRAL CPTT”,

aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/03/2020, por importe total de 1.658,98 € e co seguinte desglose:

NOME E APELIDOS	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
M ^a Jesús Pérez Rodríguez	Inscripción	700,00 .-	341-162,00
-	Locomoción	148,91 .-	341-231,20
-	Dietas	56,44 .	341-230,20
Bruno Lemiña Ojea	Inscripción	700,00 .-	341-162,00
-	Dietas	<u>53,63 .-</u>	341-230,20
-	Total	1.658,98 €	

- **2ª Resolución con data 30/09/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de setembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 5.306,89 €.”

- **2ª Resolución con data 30/09/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación que a continuación se indica, de facturas con acordos previos, mes de setembro, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 20.730,30 €.

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000020620F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, levando a cabo unha limpeza de mantemento xeral na nova normalidade co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe total de 9.595,42 €, con cargo á partida 341-227,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000021320F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), levando a cabo unha limpeza de mantemento xeral na nova normalidade co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 16/04/2019, por importe de 2.253,96 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do

expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 200059, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de agosto, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2019, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-20262, correspondente ao Contrato Menor de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de agosto, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/06/2020, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 341-227,9902.

5.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº 20 60, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 3º trimestre (xullo, agosto e setembro, ano 2020) aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/07/2020, por importe total de 1.815,00 €, con cargo á partida 341-227,9902.

6.- Recoñecemento da obriga a favor de CLUB DEPORTIVO AROUSA PADEL, pola factura nº Emit-05, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Padel, 2 grupos, ½ mes de marzo, curso 2019/20, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/10/2019, por importe de 300,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa RAFAVILAPORTO, S.L.U., pola fra. Nº 2020 18, correspondente á adquisición dun trofeo para entrega de premios pola celebración do LIIº TROFEO SAN ROQUE, CLASE SNIPE DE VELA, no caso de que consiga vencer en 3 anos consecutivos ou 5 alternos, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 24/08/2020, por importe de 490,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.

8.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-20289, correspondente ao contrato Menor de Subministros, da adquisición de 40 m³ de area de silice de 1mm de grosor, para realizar os traballos de picado, resembrado e areado

dos Campos de Fútbol Municipais de Herba Natural, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/09/2020, por importe de 2.764,30 €, con cargo á partida 341-210.”

- **3ª Resolución con data 30/09/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente a parte do subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de setembro, por importe total de 417,82 €, con cargo ás partidas 341-221,00 e 341-221,02 respectivamente.”

O Consello Reitor queda sabedor.

3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 2º TRIMESTRE, ANO 2020.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 2º trimestre 2020 (1 de abril ao 30 de xuño de 2020), no que a 30/06/2020, non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprindo o prazo de pago de 30 días. Así como indica que:

- i) **Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 26,37 días.**
- j) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:
Dentro do período legal de pago 75.872,69 €
Fora do período legal de pago 0,00 €
- k) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 25.818,46 € e, fora do período legal de pago 741,80 € .
- l) **O Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 6,30 días.**

O Consello Reitor queda sabedor.

4.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 3º TRIMESTRE, ANO 2020.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 3º trimestre 2020 (1 de xullo ao 30 de setembro de 2020), no que a 30/09/2020, non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprindo o prazo de pago de 30 días. Así como indica que:

- a) **Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 29,49 días.**
- b) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:
Dentro do período legal de pago 60.325,64 €
Fora do período legal de pago 1.000,89 €

- c) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 42.670,16 € e, fora do período legal de pago 0,00 € .
- d) O **Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 4,91 días.**
- O Consello Reitor queda sabedor.

5.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 2º TRIMESTRE DE 2020, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe do 2º trimestre de 2020 (1 de abril ao 30 de xuño de 2020), en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente, cumpríndose a obriga no prazo establecido legalmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

6.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 3º TRIMESTRE DE 2020, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe do 3º trimestre de 2020 (1 de xullo ao 30 de setembro de 2020), en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente, cumpríndose a obriga no prazo establecido legalmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

7.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DO CUSTE DOS SERVICIOS DO ANO 2019 EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2075/2014.

Pola Sra. interventora/delegada dáse conta do informe do subministro de Información do custe dos Servizos do ano 2019 en relación á orde hap/2075/2014, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe antes do 01/11/2020 no referente ao exercicio 2019, cun custe efectivo do servizo “Promoción do Deporte” para o ano 2019 que ascende a cantidade de 1.163.931,41 €.

O Consello Reitor queda sabedor.

8.- DAR CONTA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2019, APROBADO POLO PLENO-CONCELLO EN SESIÓN CON DATA 30/07/2020.

Pola Sra. Interventora/delegada dá unha breve explicación da Conta Xeral da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ao exercicio 2019 e, no que indica que o resultado presupostario e o remanente de tesourería son positivos. Así como sinala que foi tramitada conxuntamente coa do Concello, ao non estar convocado o Consello Reitor da Fundación de Deportes e, aprobada no Pleno-Concello en sesión con data 30/07/2020.

O Consello Reitor queda sabedor.

9.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CONFORME AS BASES REGULADORAS DA “CONVOCATORIA DO PLAN CONCELLO 2020, CON CARGO Á LIÑA 2. PARA O PROXECTO DE GASTO CORRENTE NOVO: LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAS QUE SE DESENVOLVE O PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS DE INVERNO 2020, POR IMPORTE DE 6.000,00 €.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra en sesión con data 28/02/2020 no que se aprobou conceder unha subvención á Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa (Fundación de Deportes), por importe de 6.000,00 €, ao abeiro da “CONVOCATORIA DO PLAN CONCELLO 2020, correspondente á LIÑA 2”, publicadas no BOP, o pasado día 02/01/2020, con cargo á Liña 2:

Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas e gastos correntes novos, incluídos os derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos etc..., para o Proxecto de Gasto Corrente Novo: LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAS QUE SE DESENVOLVE O PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS DE INVERNO 2020, cun orzamento de 15.000,00 €, conforme á solicitude feita por este organismo autónomo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 06/02/2020.

O Consello Reitor queda sabedor.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO BORRADOR DOS CONVENIOS DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS COS CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS APROBADO POLO CONSELLO REITOR EN SESIÓN CON DATA 05/10/2017.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das alegacións feitas polos Clubes/Entidades Deportivas: Club Deportivo Bamio e Club San Martín, relativa á cláusula Terceira no seu

derradeiro parágrafo, en relación ao uso do local destinado a bar, no desenvolvemento de actividades deportivas organizadas por outros Clubes/Entidades Deportivas, que só afecten aqueles eventos deportivos extraordinarios e non a toda a actividade ordinaria de cada un.

O Sr. presidente dá un breve resumo das conversas mantidas cos devanditos Clubes e sinala as alegacións feitas indicadas polas Sra. secretaria/delegada.

Interven o Sr. Cardalda que pregunta cal é o motivo de que os Clubes/Entidades Deportivas que utilizan o Campos de Fútbol Municipais de Berdón e Faxilde.

Polo Sr. director Deportivo contéstalle que, se convocou a todos os Clubes/Entidades Deportivas que na actualidade tiñan convenio asinado co este organismo autónomo, que de acordo ao informe da Sra. secretaria/delegada está obsoleto. No caso do CFM de Faxilde, nos comunicaron que o Club Atlético Faxilde estaba en trámites de cambio de directiva, e data de hoxe non se ten ningún coñecemento ao respecto. Así como con respecto ao uso do CFM de Berdón, non existe ningún convenio na actualidade, levando a xestión (limpeza, apertura e peche da instalación) directamente por persoal ou Contratos de Servizos da Fundación de Deportes.

Unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor, por unanimidade, acorda aprobar a modificación do derradeiro parágrafo da cláusula terceira quedando da seguinte maneira: “Local destinado a bar, **exceptuando no desenvolvemento de actividades deportivas extraordinarias doutras entidades**, que soliciten a súa explotación previa autorización da Fundación de Deporte. A explotación do citado local, sexa directa ou indirectamente, queda baixo a súa responsabilidade e con arreglo a lexislación vixente na materia (Seguridade Social, condicións hixienico-sanitarias, etc...). Así como de conformidade a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, que establece nos seu artigo 116, apartados b) e c), a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas ou a introducción das mesmas nas instalacións deportivas. Poidendo a Fundación de Deportes comprobar en calquera momento o cumprimento das mesmas.”

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS DE INVERNO, CURSO 2020/21, ASÍ COMO OS SEUS MODELOS DE SOLICITUDES DE INSCRICIÓN.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Inverno que a continuación se relaciona, elaborado polo Sr. director Deportivo, para o curso 2020/21:

1.- ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA ADULTOS:

1.1) XIMNASIA DE MANTEMENTO

1.2) BADMINTON

1.3) IOGA

1.4) TONIFICACIÓN

1.5) PILATES

1.6) ESTIRAMIENTO E RELAXACIÓN

Así como preséntase o Orzamento de gastos para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 8.694,04 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE TOTAL</u>	<u>ANO 2020</u>	<u>ANO 2021</u>
SEGUROS DE ACCIDENTES	3.734,04 .-	3.734,04 .-	0,00 .-
LIMPEZA SEDE LICEO			
CASINO	<u>4.960,00 .-</u>	<u>1.240,00 .-</u>	<u>3.720,00 .-</u>
TOTAL	8.694,04 €	4.974,04 €	3.720,00 €

Polo Sr. director Deportivo da un breve resumo do devandito Proxecto, indicando que dada a situación actual de Estado de Alarma pola emerxencia sanitaria provocada polo COVID19, as actividades físico recreativas que se van a ofertar serán para poboación adulta, mediante un **Programa de actividades físico-recreativas para adultos**; donde o ratio de participantes será adaptado, conforme a lexislación vixente actual.

O Sr. presidente indica que dada a situación é totalmente cambiante, preséntase a aprobación dun proxecto, que se desenvolverá no momento que a situación o permita e as condicións vaian mellorando, tendo a intención de que comece canto antes, entre novembro do presente ano a xaneiro de 2021.

O Sr. Vilas manifesta que neste momento coas restriccións existentes, non é aconsellable iniciar ningunha actividade, polo que debería ser un proxecto aberto e vivó que poida desenvolverse segundo a situación sanitaria que haxa.

Unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor acorda, por unanimidade, aprobar:

1.- O Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Inverno, curso 2020/21, para as actividades Físico-Recreativas seguintes:

- ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA ADULTOS:

- . XIMNASIA DE MANTEMENTO
- . BADMINTON
- . IOGA
- . TONIFICACIÓN
- . PILATES
- . ESTIRAMIENTO E RELAXACIÓN

2.- Aprobar o Orzamento de gastos para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 8.694,04 €, desglosados da seguinte maneira:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE TOTAL</u>	<u>ANO 2020</u>	<u>ANO 2021</u>	<u>PARTIDA</u>
SEGUROS DE ACCIDENTES	3.734,04 .-	3.734,04 .-	0,00 .-	341-224

LIMPEZA SEDE LICEO

CASINO	<u>4.960,00 .-</u>	<u>1.240,00 .-</u>	<u>3.720,00 .-</u>	341-227,00
TOTAL	8.694,04 €	4.974,04 €	3.720,00 €	

Que dado a situación actual polo COVID19, se levará a cabo a súa contabilización, no momento que vaia a comezar as actividades ofertadas no citado proxecto, no exercicio 2020 ou 2021 segundo corresponda.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición das Actividades Físico-recreativas para adultos: Tonificación, Pilates e, Estiramientos e Relaxación por importe de 18,00 €, conforme ao Acordo Regulador nº 17 en vigor, que establece no seu artigo 13: **“FIXACIÓN DO PREZO”**, que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

4.- Facultar ao Sr. presidente para a modificación do devandito Proxecto, por causas sobrevidas, así como a aprobación dos gastos actualizados no momento que se leve a cabo o comezo das actividades deportivas.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONCESIÓN DE SUBVENCIONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2020, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2018/19 OU, ANO 2019.

Dáse conta das solicitudes de subvención presentadas, polos Clubes/Entidades Deportivas, conforme ás bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2020, correspondente á Tempada 2018/19 ou, ano 2019, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 05/05/2020 e publicadas no B.O.P. o día 18/05/2020. Asemade dáse conta do informe da Sra. secretaria/delegada en relación ao asunto, no que figura a puntuación correspondente, resultante da documentación aportada e da aplicación das devanditas bases.

Interven o Sr. Vilas que lendo o informe de secretaria e intervención delegada, dedúcese que case todos os erros non son achacables aos Clubes/Entidades Deportivas.

O Sr. presidente indica que se debería conceder subvención a todos os que presentaron dado que non son imputables case todos fallos aos Clubes/Entidades Deportivas.

O Sr. Penas, pregunta que se pode facer para axudar a que os Clubes/Entidades Deportivas presenten correctamente as súas solicitudes de subvencións.

A Sra. interventora/delegada sinala que se pode valorar como un erro involuntario, non teñen mala fé, dado que aínda que non declaran as subvencións públicas, se o indican no seu balance económico no apartado de ingresos.

A Sra. secretaria/delegada sinala que máis axuda que a que reciben é tarefa case imposible, considerando que o maior problema é que non se paran a ler as bases e comprobar

o que remiten á Sede Electrónica. Así como indica que o prazo de presentación da Conta Xustificativa de 30 días naturais, debería reducir a 15 días naturais, para ter tempo suficiente de comprobar e dar o prazo de subsanación aqueles Clubes/Entidades Deportivas que se observe algunha deficiencia na súa documentación e aprobar o seu recoñecemento da obriga antes de finalizar o ano 2020.

O Sr. Vilas, como representante do Consello Consultivo, manifesta que non queremos que ningún Club/Entidade Deportiva quede sen subvención, pero consideran que se debe ser estrictos no cumprimento das bases. Continúa sinalando que se debería ter en conta para as devanditas bases, modificar o prazo de presentación da conta xustificativa, posto que se leva varios anos modificando por falta de tempo e, así como que os Clubes/Entidades Deportivas poidan ter acceso á puntuación obtida antes da súa aprobación definitiva, para poder alegar se non están conformes.

A Sra. secretaria/delegada contéstalle, que no próximo exercicio, pódese incluír no proceso de tramitación unha aprobación provisional, dando un prazo de alegacións e posteriormente unha aprobación definitiva, sinalando que elo conlevará un maior período de tempo na finalización dos expedientes.

Despois dun amplo debate e unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar as solicitudes de subvencións que a continuación se indican, calculado o valor do punto, resultando a cantidade de 28,06 €/punto, que multiplicada polos puntos outorgados a cada unha das solicitudes, conforme á baremación feita pola administrativa/xestora e o acordado polo Consello Reitor, as subvencións outorgadas a cada unha das solicitudes é a seguinte, con cargo á partida 341-483,00:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>PUNTOS</u>	<u>IMPORTE</u>
AD AROUSA FUTBOL 7	111	3.114,66 €
CLUB ATENAS RUNNING VDA	11	308,66 €
ATLÉTICO FAXILDE C.F	14	392,84 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA-CULT VILAGARCÍA ESGRIMA	23	645,38 €
CLUB DEPORTIVO PEREZ SUB	15	420,90 €
CLUB SAN MARTIN	130	3.647,80 €
CLUB VILAGARCÍA, S.D.	116	3.254,96 €
CLUB DEPORTIVO VILAGARCIA TENIS DE MESA	49	1.374,94 €
CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	165	4.629,90 €
OS INGLESES RUGBY CLUB	136	3.816,16 €
CLUB POLIDEPORTIVO C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL	64	1.795,84 €
AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	121	3.395,26 €
CLUB VILAROUSA GIMNASIA	59	1.655,54 €

ASOCIACION DEPORTIVA E CULTURAL ENCESTARÍAS:	58	1.627,48 €
MODALIDADE DE BALONCESTO	11 (308,66 .-)	
MODALIDADE DE BALONMÁN	47 (1.318,82 .-)	
CLUB AROSA, S.C	213	5.976,78 €
CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCIA	182	5.106,92 €
CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA, S.D.	68	1.908,08 €
CLUB XIMNASIA RITMICA VILAGARCIA	15	420,90 €
BASKET BASE CLUB	214	6.004,84 €
CLUB DEPORNAUTIC AROUSA	43	1.206,58 €
CLUB DE XADREZ FONTECARMOA	107	3.002,42 €
CLUB BALONCESTO EL DOCE	10	280,60 €
ESCUELA FÚTBOL SALA SALNES	61	1.711,66 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA	234	6.566,04 €
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	61	1.711,66 €
CLUB DEPORTIVO BAMIO	81	2.272,86 €
CLUB OLIMPIC VILAGARCÍA	169	4.742,14 €
ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D.	125	3.507,50 €
CLUB CICLISTA XIABRE	5	140,30 €
CLUB KENPO VILAGARCÍA	103	2.890,18 €
CLUB DE REMO VILAXOÁN	107	3.002,42 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL RASPA	14	392,84 €
MOTOCLUB VFM	<u>38</u>	<u>1.066,28 €</u>
TOTALS (PUNTOS/IMPORTE)	2.922 PTOS	81.991,32 €

2.- Conforme as devanditas bases, os Clubes/Entidades Deportivas anteriormente indicados, deberán presentar a Conta Xustificativa con toda a documentación que se lle require nos apartados 9.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA) e, 10.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA, que dín literalmente o seguinte:

“9.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA):

Unha vez aprobada a subvención, será notificada telemáticamente aos/ás interesado/as, a traves da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante. (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), para proceder á presentación da Conta Xustificativa.

O importe dos gastos xustificados deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención, así como a subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencións públicas, exceda do importe total do balance de gastos presentado. Os Clubes/Entidades Deportivas deberán **presentar a seguinte documentación**, referida á

tempada 2018/19, dende o 1 de agosto de 2018 ao 31 de xullo do 2019 e, se a **actividade deportiva se desenvolve no ano natural**, corresponderá ao **ano 2019**:

9.1.- **Anexo II.-** Conta Xustificativa debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante e, na que figura unha declaración xurada na que se sinala:

a) O número BIC e IBAN da conta bancaria da que son titulares e, no caso de que exista cambio da Conta Bancaria xa comunicada á Fundación de Deportes, deberá presentar impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figuren o Club/Entidade Deportiva como titular e o seu nº BIC e IBAN da súa conta bancaria.

b) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e Autorizacións ao Concello e/ou Fundación de Deportes para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente coa Recadación Municipal, Seguridade Social, Axencia Tributaria e, coa Consellería de Economía e Facenda, no caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. Así como, no caso que as citadas Administracións poñan algún impedimento para que este Organismo Autónomo solicite os certificados correspondentes, se lle requirirá aos Clubes/Entidades Deportivas, para que presenten as certificacións orixinais ou fotocopias compulsadas.

c) As axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade.

d) Que adopta o compromiso que fundamenta o recoñecemento da obriga da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Que se fixo a debida divulgación do financiamento da Fundación de Deportes na actividade subvencionada.

f) Que o Club/Entidade Deportiva ten cumprido o obxecto da subvención concedida para a devandita actividade.

9.2 **Anexo III.-** Relación de facturas de gastos realizados nas actividades obxecto da subvención, (deberase cubrir todas as columnas do anexo) e asinada dixitalmente polo representante, conforme ao sinalado no apartado 6.2, ordenada por conceptos (segundo balance gastos e ingresos presentado) e dentro deste, por proveedor (nº factura e data, de mais antiga á mais nova), acompañada de todas as facturas (co mesmo orde indicada na relación) e o seu correspondente xustificante de pago detrás da súa factura, nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a) Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e numerada.

b) Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención.

c) Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.

d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 2.500,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 7/2012 de 20 de outubro de 2012, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante xustificante bancario co selo da Entidade bancaria. No resto dos casos o pago acreditarase por calquera dos seguinte medios: certificados do proveedor, factura simplificada ou de caixa, indicación na factura do pago asinado pola persoa responsable co seu nome e apelidos e/ou DNI ou, por transferencia bancaria co selo bancario.

Aceptaranse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil da Entidade. Así como recibos de colaboradores, adestradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descrición do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.

Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistrais directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

IMPORTANTE: Tendo en conta que a presentación telemática impide a presentación de orixinais ou copias compulsadas, a Fundación de Deportes, a través do persoal correspondente, poderá solicitar a presentación física das facturas orixinais e xustificantes de pago orixinais presentados, aos efectos do cotexo de datos.

Anexo IV.- No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante, onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificantes de gastos presentados na Fundación de Deportes. O Club tamén poderá optar por aportar xustificantes de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.

A Conta Xustificativa e anexos formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán na Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Modelos ou catálogo de procedementos da Fundación de Deportes).

10.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA:

10.1.- A Conta Xustificativa con toda a documentación requerida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentaranse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos,

CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS, no REXISTRO ELECTRÓNICO. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a xustificación sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible, cando menos, que o presidente e/ou a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático, dispoña de sinatura electrónica, así como deberá/n acreditar a súa representación por calquera medio admisible en dereito.

Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico da Fundación de Deportes:

Tendo en conta que o rexistro electrónico da Fundación de deportes non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

1º) Un pdf por cada anexo:

a) Anexo II: Conta Xustificativa

b) Anexo III: Relación de Facturas

c) Anexo IV: Certificación dos gastos presentados noutras administracións públicas

2º) Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que non autoricen a consulta por parte da Fundación de Deportes.

3º) Un pdf coas facturas escaneadas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante de pago da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante de pago da factura 2 da relación...etc.).

Os distintos arquivos dos pdfs deberán ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subsanar.”

3.- Modificar o apartado 10.2 das devanditas bases, dada a urxencia de presentación da xustificación, para proceder a levar a cabo a súa tramitación antes de finalización do exercicio 2020. Establecendo como prazo de presentación da Conta Xustificativa 15 días naturais, contados a partir do día seguinte da recepción da notificación telemática, con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención.

4.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación dos Recoñecementos da Obriga de todos aqueles Clubes/Entidades Deportivas que teñan correcta a súa documentación xustificativa.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

- O Sr. presidente quere manifestar que as convocatorias das sesións ordinarias do Consello Reitor, non puideron ser convocadas nas datas previstas pola situación actual que estamos vivindo. Continúa informando das obras feitas polo Concello en instalacións deportivas municipais: o cambio dos aparatos de deshumectadora e climatizadora da Piscina Cuberta Municipal, conforme á lexislación vixente; o hundimento do terreo de xogo do Campo de Fútbol Municipal de Berdón. Así como informa que xa está adxudicado a construción dos novos vestiarios do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dorrón.

- Interven o Sr. Vilas que pregunta se este ano vaise levar a cabo as escolas deportivas municipais xestionadas polos Clubes/Entidades Deportivas e, o motivo de porqué non se desenvolveron as Escolas Deportivas Náuticas Municipais.

O Sr. director Deportivo contéstalle, que cando mellora a situación se presentará proxecto para aprobar as Escolas Deportivas Municipais, que inclúe a Escola Deportiva Municipal de Base, que algunhas modalidades deportivas son realizadas por Clubes/Entidades Deportivas e, en relación as Escolas Deportivas Náuticas, non se presentou ningún proxecto para poder levalas a cabo.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e dous horas e dez minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2020

No Salón de Plenos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día dezaseis de decembro de dous mil vinte, reúnense en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidente: D. Alvaro Carou García

Vogaís: D. Ángel Cardalda Mosquera

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. José Luis Peso Teodosio

D. Isidro Fernández Portas

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M^a Otero Piñeiro

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión ordinaria do día vinte e dous de outubro do presente ano, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO UN DE OUTUBRO AO TRINTA DE NOVEMBRO DO DOUS MIL VINTE.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do un de outubro ao trinta de novembro do presente ano, relativas a:

Mes de outubro:

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 13/10/20** .- "1.- Adxudicación á empresa INSTALACIONES ECOVILA, S.L., a adquisición dun interacumulador eléctrico de 300 litros para a

reposición do mesmo no Campo de Fútbol Municipal de Berdón, dado que conforme informe da empresa adxudicataria do Mantemento das instalación térmicas non é posible a súa reparación, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 868,78 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo....”

- **2ª Resolución con data 27/10/20** .- “1.- Ampliación da adxudicación aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/09/2020, á empresa CUEVAS, S.L., por importe de 844,33 € (I.V.E. incluído), incremento do novo orzamento presentado con respecto ao anterior aprobado, a través dun contrato menor de subministros, con cargo á partida 341-212.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 26/10/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a relación de facturas a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., co desglose anteriormente sinalado, correspondentes aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 26/10/2020, por importe total de 401,45 €, con cargo á partida 341-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.”
- **2ª Resolución con data 30/10/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de outubro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 3.281,84 €.”
- **3ª Resolución con data 30/10/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación que a continuación se indica, de facturas con acordos previos, mes de outubro, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 30.973,79 €.
1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MOVIMIENTOS ÁRIDOS Y COSTRUCIONES AROSA, S.L. (MARCONSA), pola factura nº FE20 149, correspondente ao Contrato Menor de Obra, consistente en levar a cabo a reparación da depresión do terreo de xogo do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/09/2020, por importe de 13.915,00 €, con cargo á partida 341-619,00.
2.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-20294, correspondente ao Contrato Menor de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de setembro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/06/2020, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 341-227,9902.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000023720F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de setembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,85 €, con cargo á partida 341-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000024420F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de setembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de 2.399,81 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DESPERTANDO SOCIEDAD DE GESTIÓN INMOBILIARIA Y NAÚTICA, S.L. (METRALLA METALISTERÍA), pola factura nº A 200070, correspondente ao aluguer de vestiarios, duchas e baños provisionais para o Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, para poder levar a cabo o desenvolvemento das competicións e actividades deportivas da citada instalación e, ata a construción do equipamento definitivo, mes de setembro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2019, por importe total de 324,99 €, con cargo á partida 341-203,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS, S.L., pola factura nº 20 77, correspondente á adquisición de dous trofeos de cerámica para a celebración do LII TROFEO SAN ROQUE, CLASE SNIPE DE VELA , aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 24/09/2020, por importe de 72,50 €, con cargo á partida 341-226,9901.”

- **4ª Resolución con data 30/10/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das

instalacións deportivas municipais municipais, mes de outubro, por importe total de 127,31 €, con cargo á partida 341-221,00.”

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 14/10/20.-** “1.- Aprobación do “PROTOCOLO BÁSICO PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA O DEPORTE FEDERADO” e os seus anexos I, II e III, de conformidade as medidas necesarias establecidas pola Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID19, que estará exposto ao público nos taboleiros de anuncios de todas as instalacións deportivas municipais.

2.- Requerir a todos os Clubes/Entidades Deportivas que na actualidade utilicen algunha instalación deportiva municipal e/ou aqueles que no futuro presenten algunha solicitude de uso das devanditas instalacións, que no prazo improrrogable de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte da recepción da notificación telemática, deberán presentar a seguinte documentación:

a) A través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos 30004 de “SOLICITUDE DE ADESTRAMENTOS-COMPETICIÓN 2020/21, unha solicitude de adestramentos-competicións, debidamente cumplimentada (só no caso de non te-la presentada), acompañada de:

. O Anexo I.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN (no modelo normalizado que se facilitará na devandita Sede Electrónica no catálogo de procedemento anteriormente indicado).

. O protocolo FISICOVID da federación deportiva da modalidade que desenvolva previamente aprobado pola Secretaría Xeral do Deporte e, indicar quen será o responsable COVID-19 da entidade.

b) Presentar ao finalizar cada xornada de adestramentos diarios, a través do correo electrónico, á dirección fdactividades@vilagarcia.gal, o Anexo II.- FORMULARIO DE CONTROL DE ASISTENCIA ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CONFORME O PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN COVID-19, co desglose de cada grupo de adestramento e asinado polo responsable COVID-19 do seu Club/Entidade Deportiva.

c) Ter cuberto por cada deportista ou no caso de menores nai/pai/titor/a do neno/a integrantes do seu Club/Entidade Deportiva o Anexo III.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E

COMPETICIÓNS. Que deberá ter a disposición da Fundación de Deportes en todo momento.

3.- Conforme ao artigo 27.4 do Regulamento de Rexime Interno, que dí lieteralmente o seguinte: “27.4. Os clubs/entidades deportivas que teñan concedido o uso de IDM da Fundación de Deportes, non poderán facer uso das mesmas se non están ao corrente dos pagos fixados. Así como estar en posesión dos preceptivos **Seguros de Accidentes/licenzas federativas e de Responsabilidade civil, para ditas actividades**”. no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, deberá presentar (só no caso non ter presentado) copia da Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil do correspondente Club e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da súa actividade federada ou unha relación nominal dos seus deportistas e adestradores, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e nº de licenza federativa (tempada 2020/21) selada pola Federación correspondente.

4.- Dar conta á Xunta de Goberno Local do devandito Protocolo, para o seu coñecemento e aos efectos que correspondan.”

- **2ª Resolución con data 28/10/20** .- “1.- Requirimento á Fundación Celta de Vigo que, polo uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do VII CAMPUS DE VERANO FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, os pasados días do 20 ao 24 e do 27 ao 31 de xullo do presente ano, de 09:30-13:00 horas. No prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente e, conforme o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº 17 que a continuación se indica:

- **“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

- **TARIFAS:**

- Tarifa Mínima % S/Ingresos

- | | <u>Hora</u> | <u>Bruta</u> |
|--|-------------|--------------|
|--|-------------|--------------|

- **Instalacións exteriores..... 6,00 10%**

- Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

- Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte”

- Deberá ingresar na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053), **un importe total de 838,60 €**, polos seguintes conceptos:

- . Uso de 35 horas da citada instalación: 210,00 €, (3 ½ h . x 5 días x 2 semanas x 6,00 €/hora).

- . Porcentaxe sobre a recadación total de inscricións: 628,60 € (10% sobre 6.286,00 €, ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición de acordo ao listado remitido pola devandita Fundación).”

Mes de novembro:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 06/11/20** .- “1.- Autorización ao Club Arosa S.C., o uso das Instalacións Deportivas Municipais que a continuación se relacionan, para levar a cabo os adestramentos dos seus equipos Senior e Xuvenil, tempada 2020/21, co seguinte desglose:

EQUIPO	INSTALACIÓN	DIAS	HORARIO
Senior	C.F.M. de Vilaxoán	Lu-Xo-Ve	17:00-19:00 h
	C.F.M. de A Lomba	Me	17:00-19:00 h
(no caso de inclemencias metereolóxicas o adestramentos se desviará ao C.F.M. de Vilaxoán)			
Xuvenil	C.F.M. Manuel Jiménez Abalo	Lu-Me	19:30-21:00 h
		Xo-Ve	19:00-20:30 h

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **2ª Resolución con data 06/11/20** .- “1.- Autorización á Agrupación Atlética Mazí ., o uso das Instalacións Deportivas Municipais que a continuación se relacionan, para levar a cabo os adestramentos de todos os seus deportistas, tempada 2020/21, co seguinte desglose:

INSTALACIÓN	DIAS	HORARIO
Estadio e Atletismo	Lu-Me-Ve	18:00-22:30h
Pavillón Municipal de Faxilde	Ma-Xo-Ve	17:45-20:30h

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **3ª Resolución con data 06/11/20** .- “1.- Autorización ao Club Natación Vilagarcía S.D., o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para levar a cabo os adestramentos de todos os seus deportistas, tempada 2020/21, no seguinte horario:

-	INSTALACIÓN	DIAS	HORARIO
-	Estadio e Atletismo	Lu e Ve	18:30-20:30h

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **4ª Resolución con data 09/11/20** .- “1.- Autorización á Asociación Cultural e Deportiva de Esgrima Vilagarcía, o uso do Pavillón Municipal de Faxilde, para levar a cabo os adestramentos dos seus deportistas, tempada 2020/21, no seguinte horario:

-	INSTALACIÓN	DIAS	HORARIO
-	Pavilón Municipal de Faxilde	Lu	18:30-22:00 h
-		Me	19:00-22:00 h

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **5ª Resolución con data 09/11/20** .- “1.- Autorización ao Club Vilarousa Ximnasia, o uso das Instalacións Deportivas Municipais que a continuación se relacionan, para levar

a cabo os adestramentos de todos os seus deportistas, tempada 2020/21, co seguinte desglose:

INSTALACIÓN	DIAS	HORARIO
Pavilón Municipal Castelao	Lu-Ve	16:00-17:00 h
Pavillón Municipal de Carril	Lu a Ve	16:30-20:30 h

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **6ª Resolución con data 11/11/20** .- “1.- Autorización en precario á Asociación Deportiva e Cultural Vilagarcía Esgrima, o uso do almacén da parte superior do Pavillón Municipal de Faxilde, para gardar o material do club, quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.”
- **7ª Resolución con data 16/11/20** .- “1.- Autorización ao Club Deportivo Tenis de Mesa., o uso das Instalacións Deportivas Municipais que a continuación se relacionan, para levar a cabo os adestramentos dos seu deportistas, tempada 2020/21, co seguinte desglose:

INSTALACIÓN	DIAS	HORARIO
Ximnasio do CEIP Arealonga	Lu a Ve	16:00-22:30h
Pavillón Municipal Castelao	Lu a Ve	12:00-14:00h

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 12/11/20** .- “1.- Aprobación da anulación dos sobrantes das aprobacións de gastos e adxudicacións dos expedientes anteriormente sinalados, por importe total de 16.301,22 €, co seguinte desglose:

Nº OPERACIÓN	FASE	IMPORTE	PARTIDA
- 220199000007	AD	2.756,00 €	341-226,09
- 220199000008	AD	7.018,00 €	341-226,09
- 220199000009	AD	600,00 €	341-227,9901
- 220199000010	AD	506,67 €	341-227,9901
- 220199000011	AD	500,00 €	341-227,9901
- 220199000012	AD	800,00 €	341-227,9901
- 220199000013	AD	1.500,00 €	341-227,9901
- 220200000205	D	94,45 €	341-231,20
- 220200000206	D	2,81 €	341-230,20
- 220200000208	D	238,98 €	341-231,20
- 220200000209	D	238,98 €	341-231,20
- 220200000711	A	1.008,38 €	341-224
- 220200000711	A	500,00 €	341-226,09
- 220200000711	A	<u>536,95 €</u>	341-226,9901
-	Importe Total	16.301,22 €	

- **2ª Resolución con data 13/11/20** .- “1.- Aprobación do expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos número 1/TC/2020, introducándose no Estado de Gastos e Ingresos, as seguintes modificacións:

- **APLICACIONES DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA**

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE EN BAIXA
341-22609	FUNDACIÓN- ACTIVIDADES DEPORTIVAS	12.985,21 €
TOTAL		12.985,21 €

- **APLICACIONES DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO**

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
341-62300	FUNDACIÓN- MAQUINARIA, INSTAL. TÉCNICAS E UTILLAXE	10.527,00 €
341-62600	FUNDACIÓN- EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	2.458,21 €
TOTAL		12.985,21 €

O total de Altas de Créditos, é igual ás Baixas, polo que resolvo aprobar a Transferencia de Créditos, sendo esta Resolución firme e executiva, sen necesidade de máis trámites, polo que se procederá polos servizos de Intervención a introducir na Contabilidade as modificacións de créditos aprobadas.”

- **3ª Resolución con data 16/11/20** .- “1.- Adxudicación á empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE , S.L., o subministro dos equipos informáticos para oficina da Fundación de Deportes, para a mellora dos equipos existentes e poder levar a cabo a tramitación dos procedimentos administrativos de forma telemática, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 2.458,21€. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-626,00.
2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo...”
- **4ª Resolución con data 16/11/20** .- “1.- Adxudicación ás empresa SEPYMEDICAL, S.L., a adquisición de seis desfibriladores (DESA) para as instalacións deportivas municipais: C.F.M. de A Pelada, E.M. Mari Paz Vilas, P.M. de Vilaxoán, P.M. de Carril, P.M. de Guillán e, para o C.F.M. de A Lomba, a través dun contrato Menor de Subministro, por importe total de 10.527,00 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.
2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE...”
- **5ª Resolución con data 17/11/20** .- “1.- Adxudicación a empresa TODO JARDIN GALICIA, S.L., a adquisición de aspersores toro para levar a cabo o mantemento do sistema de rego dos campos de fútbol municipais de herba natural, a través dun contrato Menor de Subministro, por importe total de 2.206,54 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-213.”
- **6ª Resolución con data 19/11/20** .- “1.- Corrección do erro atopado no expediente da CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2020, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2018/19 OU, ANO 2019, no sumatorio total de puntos obtidos do Club/Entidade Deportiva: CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCÍA, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 22/10/2020, resultando unha puntuación total de 95 puntos, que multiplicada polo valor/punto de 28,06 €, resulta un total de 2.665,70 €, con cargo á partida 341-483,00.
2.- Proceder á anulación da puntuación a maiores de 87 puntos, que multiplicada polo valor/punto de 28,06 €, resulta un total de 2.441,22 €, que revertirá á partida 341-483,00.”

- **7ª Resolución con data 25/11/20** .- “1.- Aprobación da anulación da aprobación de gasto do orzamento aprobado para o curso 2019/20, que debido a situación provocada pola COVID-19, non se levou a cabo, por importe total de 1.000,00 €.
2.- Adxudicar á empresa RANKING LA TIENDA DEL DEPORTE, S.L., a adquisición de material deportivo, para o correcto desenvolvemento das actividades incluídas no proxecto de de “Actividades Físico-Recreativas de Inverno” curso 2020/21, a través dun contrato Menor de Subministro, por importe total de 1.633,79€ (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-221,9901.
3.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE...”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 27/11/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación de Deportes, polos xustificantes de gastos presentados correspondentes á inscrición do Curso Formativo “YIN YOGA”, realizado en modalidade On Line, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 17/09/2020, por importe de 254,10 €, con cargo ás partidas 341-162,00.”
- **2ª Resolución con data 30/11/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de novembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 4.498,73 €.”
- **3ª Resolución con data 30/11/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación que a continuación se indica, de facturas con acordos previos, mes de novembro, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 26.544,59 €.
1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000027320F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de outubro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,85 €, con cargo á partida 341-227,00.
2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000028020F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE

AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de outubro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de 2.399,81 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor de PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U., pola factura nº RECT202000 969, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO PREVENTIVO FRONTE Á LEXIONELOSE PARA AS INSTALACIÓNS DE AUGA QUENTE SANITARIA (CON DUCHAS) DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, ano 2020, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 25/03/2020, por importe total de 6.715,50 €, con cargo á partida 341-227,9902.

4.- Recoñecemento da obriga a favor de TROQUIÑA, S.L., pola factura nº Emit-20344, correspondente ao Contrato Menor de Servizos “CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES”, mes de outubro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/06/2020, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 341-227,9902.

5.- Recoñecemento da obriga a favor de INSTALACIONES ECOVILA, S.L., pola factura nº Emit-290, correspondente á adquisición dun interacumulador eléctrico de 300 litros para o Campo de Fútbol Municipal de Berdón, conforme ao informe da empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Mantemento das instalacións térmicas das Instalacións Deportivas Municipais en vigor no que indica que a súa reparación non sería suficiente para garantir a seguridade, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 13/10/2020, por importe total de 868,78 €, con cargo á partida 341-623,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor de CUEVAS, S.L., pola factura nº 20 0000142, correspondente á adquisición de 5 módulos sanitarios (mamparas) para oficinas da Fundación de Deportes, para a protección dos traballadores contra o COVID 19, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 24/09/2020, por importe total de 2.299,00 €, con cargo á partida 341-623,00.”

- **4ª Resolución con data 30/11/20** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das

instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de novembro, por importe total de 16.545,52 €, con cargo ás partidas 341-221,00 e 341-221,02 respectivamente.”

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 11/11/20.-** “1.- Aprobación da reformulación da Memoria do proxecto de LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, MES DE DECEMBRO, cun orzamento total de 11.074,85 €.

2.- Aprobar a solicitude dunha subvención á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, conforme o apartado 5.2 das bases reguladoras da “CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2020”, publicadas no BOP, o pasado día 02/01/2020 e, con cargo á Liña 2. Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas e gastos correntes novos, incluídos os derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos etc....., para o devandito Proxecto, por importe do remanente resultante da liña 2 Gastos Correntes Novos, despois de presentar a xustificación da subvención concedida por importe de 6.000,00 €, aprobada pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra en sesión con data 28/02/202, que se estima en 660,06 €.”

O Consello Reitor queda sabedor.

3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS CONCESIÓN E O SEU RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DE SUBVENCIÓNS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2020, CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2019.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das solicitudes presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, para a aprobación da concesión e o seu recoñecemento da obriga, conforme as BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2020 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2019, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 05/05/2020 e publicadas no B.O.P. o día 18/05/2020, cunha consignación por importe total de 30.000,00 €. Así como dáse conta dos informes de intervención e secretaría delegadas e proposta de concesión do Sr. presidente.

Procédese a examinar os expedientes e as xustificacións presentadas polos Clubes/Entidades Deportivas, producíndose un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez

finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar a concesión a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan e pola cantidades seguintes, por importe total de 23.500,00 €, con cargo á partida 341-483,01:

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA	ACTIVIDADE	IMPORTE
CLUB DEPORTIVO BAMIO	TORNEO BENXAMIN 2019	100,00 €
AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	IV TROFEO ATLETISMO MAZÍ CIDADE DE VILAGARCÍA	500,00 €
ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS	V TORNEO ENCESTARÍAS ACB	7.000,00 €
CLUB VILAROUZA XIMNASIA	III TORNEO XIMNASIA RÍTMICA VILAROUZA	900,00 €
CLUB AROSA, S.C.	VIII TORNEO INTERNACIONAL CIDADE DE VILAGARCIA	5.300,00 €
AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA	XVI MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL. GONZÁLEZ ESTÉVEZ	4.000,00 €
CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	VILAGARCÍA BASKET CUP 19	5.200,00 €
CLUB CICLISTA XIABRE	XXIV MARCHA CICLOTURISTA	<u>500,00 €</u>
Total concesión de subvencións		23.500,00 €

2.- Non conceder subvención ao Club/Entidade Deportiva ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL RASPA, para a organización do CLASIFICATORIO ZONA SUR PESCA SUBMARINA e, conforme ao apartado 8 das devanditas bases que dí literalmente o seguinte: “..... Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que o/a interesado/a da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia a percepción da subvención”, ao non presentar ningunha documentación xustificativa do devandito evento deportivo.

3.- Anular parte da subvención concedida aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, conforme ao artigo 6.4 das devanditas bases, que dí literalmente o seguinte: 6.4 d.- “... O importe dos gastos xustificandos deberá alcanzar o 100% do balance de gastos e ingresos presentado na súa solicitude obxeto da subvención, será necesario a presentación da totalidade das facturas e, o xustificante de pago dalgunhas das facturas ata completar un importe igual ou superior á subvención concedida ou, no seu caso, á suma da totalidades de todas as subvencións concedidas polas administración públicas.”

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do presuposto subvencionado, aboarse a parte proporcional da subvención”:

ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ENCESTARÍAS.- Pola organización do. V TORNEO ENCESTARÍAS ACB, por importe de 434,60 €, dado que xustifica correctamente un importe total de 28.104,17 € das facturas presentadas e, de acordo ao seu balance económico

presentado por importe total de 29.965,23 €, resulta de aplicación un 93,79% de recoñecemento de obriga e, unha redución do 6,21% do importe da subvención concedida.

CLUB VILAROUZA XIMNASIA.- Pola organización do III TORNEO XIMNASIA RÍTMICA , por importe de 242,37 €, dado que xustifica correctamente un importe total de 1.585,09 € das facturas presentadas e, de acordo ao seu balance económico presentado por importe total de 2.169,28 €, resulta de aplicación un 73,07% de recoñecemento de obriga e, unha redución do 26,93% do importe da subvención concedida.

CLUB AROSA, S.C. .- Pola organización do. VIII TORNEO INTERNACIONAL CIDADE DE VILAGARCIA, por importe de 148,40 €, dado que xustifica correctamente un importe total de 16.049,44 € das facturas presentadas e, de acordo ao seu balance económico presentado por importe total de 16.511,44 €, resulta de aplicación un 97,20% de recoñecemento de obriga e, unha redución do 2,80% do importe da subvención concedida.

AGRUPACIÓN DEPORTIVA. CORTEGADA.- Pola organización do XVI MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, por importe de 111,20 €, dado que xustifica xustifica correctamente un importe total de 14.861,14 € das facturas presentadas e, de acordo ao seu balance económico presentado por importe total de 15.286,14 €, resulta de aplicación un 97,22% de recoñecemento de obriga e, unha redución do 2,78% do importe da subvención concedida.

CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA.- Pola organización VILAGARCÍA BASKET CUP 19, por importe de 69,16 €, dado que xustifica correctamente un importe total de 36.159,92 € das facturas presentadas e, de acordo ao seu balance económico presentado por importe total de 36.647,88 €, resulta de aplicación un 98,67% de recoñecemento de obriga e, unha redución do 1,33% do importe da subvención concedida.

CLUB CICLISTA XIABRE.- Pola organización da XXIV MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ, por importe de 334,10 €, dado que xustifica correctamente un importe total de 616,71 € das facturas presentadas e, de acordo ao seu balance económico presentado por importe total de 1.329,42 €, resulta de aplicación un 33,18% de recoñecemento de obriga e, unha redución do 66,82% do importe da subvención concedida.

4.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que presentan toda ou parte da documentación xustificativa correcta, por importe total de 21.560,07 € e, con cargo á partida 341-483,01:

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA	ACTIVIDADE	IMPORTE
CLUB DEPORTIVO BAMIO	TORNEO BENXAMIN 2019	100,00 €
AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	. IVTROFEO ATLETISMO MAZÍ CIDADE DE VILAGARCÍA	500,00 €
ASOC. DEP. E C. ENCESTARÍAS	. V TORNEO ENCESTARÍAS ACB	6.565,30 €
CLUB VILAROUZA XIMNASIA	III TORNEO XIMNASIA RÍTMICA	657,63 €

	VILAROUZA	
CLUB AROSA, S.C.	. VIII TORNEO INTERNACIONAL	5.151,60 €
	CIDADE DE VILAGARCIA	
AGRUPACIÓN DEPOR. CORTEGADA	. XVI MEMORIAL MIGUEL ÁNGEL.	3.888,80 €
	GONZÁLEZ ESTÉVEZ	
CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	VILAGARCÍA BASKET CUP 19	5.130,84 €
CLUB CICLISTA XIABRE	. XXIV MARCHA CICLOTURISTA	165,90 €

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTOS DE OBRIGA, DAS CONCESIÓNS DE SUBVENCÍONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2020, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2018/19 OU, ANO 2019, DOS CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS QUE NON PRESENTAN CORRECTAMENTE A SÚA XUSTIFICACIÓN.

Dáse conta do informe da secretaría e intervención delegada no que sinalan que de conforme ás BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2020, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2018/19 OU, ANO 2019, aprobadas pola Resolución do Sr. presidente con data 05/05/2020, publicadas no B.O.P. o día 18/05/2020 e dadas conta ao Consello Reitor en sesión con data 07/07/2020 e despois de realizada as notificacións da aprobación das concesións de subvencións aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 22/10/2020. Así como unha vez examinada a documentación da Conta Xustificativa presentada polos Clubes/Entidades Deportivas e, finalizados os prazos establecidos polas devanditas bases onde se lles concedeu 10 días hábiles, a aqueles Clubes/Entidades Deportivas, para que completaran ou corruxeran os defectos observados na súa solicitude. Advertíndolles que de non facelo así no prazo indicado entenderíase que desisten da súa solicitude, o que conlevaría o arquivo da mesma. Os Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, non presentaron correctamente nos prazos establecidos segundo as bases a Conta Xustificativa, non xustificando o 100% da subvención concedida:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>CONCESIÓN</u>	<u>XUSTIFICADO</u>
CLUB ATLÉTICO FAXILDE	392,84 €	0,00 €
OS INGLESES RUGBY CLUB	3.816,16 €	3.080,00 €
CLUB DEPORNAUTIC AROUSA	1.206,58 €	543,66 €
CLUB DEPORTIVO BAMIO	2.272,86 €	2.179,47 €

Así como a Sra. secretaria/delegada indica que os Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, non presentaron a data actual ningunha documentación da conta

xustificativa e, conforme o apartado 11, no seu último párrafo que dí literalmente o seguinte:
“11.- TRAMITACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA E RESOLUCIÓN DO RECOÑECEMENTO DA OBRIGA DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS:Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que o/a beneficiario/a da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia a percepción da subvención, sen perxuício de poder estar incurso no establecido no artigo 14”, procede a anulación da subvención concedida, polo Consello Reitor en sesión con data 22/10/2020:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>IMPORTE CONCESIÓN</u>
ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL RASPA	392,84 €
CLUB ATENAS RUNNING VDA	308,66 €

Polo Sr. presidente sinala as dificultades técnicas observadas na tramitación do devandito expediente, ao cambiarse a forma de presentación electrónica na devandita convocatoria. Así como os problemas que algúns Clubes/Entidades Deportivas tiveron para poder solicitar e/ou conseguir documentación, dada a situación actual de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19. Considerando que aínda que presentaran fora de prazo, de acordo ao citado informe, deberíase aprobar a súa obriga aos Clubes/Entidades Deportivas que presentaron a documentación xustificativa correcta.

O Sr. Vilas manifesta que dado que é un ano especial, con moitas complicacións, non se debe considerar este acordo no futuro como un precedente. Así como considera que as cantidades non xustificadas non reverterían aos demais Clubes/Entidades Deportivas, senon, que quedarían como sobranse na partida económica, ao tratarse da xustificación da subvención concedida. Polo que entende que se deben aprobar, aínda que estén fora de prazo as súas xustificacións.

A Sr. interventora/delegada indica que as cantidades que non se poiden aprobar o seu recoñecemento de obriga, poderíase aprobar unha nova concesión ao resto de Clubes/Entidades Deportivas que presentaron correctamente a súa xustificación, aínda que ao non poder dar un novo prazo, ao non existir tempo material antes da finalización do presente exercicio, sería moi inxusto para aqueles Clubes/Entidades Deportivas que presentaron unha conta xustificativa axustada á concesión da súa subvención é non teñen suficiente documentación xustificativa para poder aprobar o seu recoñecemento da obriga.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que presentaron toda a documentación xustificativa correcta, fora de prazo, ao considerarse a gran dificultade técnica e complicacións loxísticas que puideron existir pola situación actual de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19, con cargo á partida 341-483,00:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>IMPORTE</u>
CLUB ATLÉTICO FAXILDE	392,84 €
OS INGLESES RUGBY CLUB	3.816,16 €
CLUB DEPORNAUTIC AROUSA	1.206,58 €
CLUB DEPORTIVO BAMIO	2.272,86 €

2.- Anular aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, a súa concesión de subvención, aprobada polo Consello Reitor en sesión con data 22/10/2020 e, conforme o apartado 11, no seu último parágrafo que dí literalmente o seguinte: “**11.- TRAMITACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA E RESOLUCIÓN DO RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS:**Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que o/a beneficiario/a da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia a percepción da subvención, sen perxuício de poder estar incurso no establecido no artigo 14”, que non presentaron ningunha documentación da conta Xustificativa, con cargo á partida 341-483,00:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>IMPORTE CONCESIÓN</u>
ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL RASPA	392,84 €
CLUB ATENAS RUNNING VDA	308,66 €

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte e dous minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.